



A ILUSTRACIÖN  
SOMOS NÖES

A ILUSTRACIÖN  
É AGORA

POLA LINGUA  
QUE NOS UNE

## 1. LIMIAR

## 2. LITERATURABERCIANA

### 2.1. A poesía

- Antonio Fernández e Morales
- Isidoro Andrés Ovalle
- Francisco de Llano e Ovalle
- Xosé Bálgoma
- Alberto González Alegre
- María José Montero\*\*\*

### 2.2. Literatura de tradición oral

- Romances
- Lendas
- Contos

### 2.3. Contos da neve, de Aquilino Poncelas\*\*\*

## 3. CONTOS DAS PORTELAS

- Felipe Lubián
- Xavier López Rodríguez
- Pablo López Rodríguez

## 4. LITERATURAEONAVIEGA

### 4.1. Escolma básica de poesía eonaviega

- Bernardo Acevedo y Huelves
- Conrado Villar Loza
- Antolín Santos Mediante Ferraría
- Adela Conde Valledor
- Crisanto Veiguela
- Xavier Frías
- Viqui Veiguela
- Quique de Roxíos

### 4.2. Prosa no Eo-Navia

- Crisanto Veiguela
- Xavier Frías

## 5. LITERATURA EN VALVERDEIRO, MAÑEGO E LAGARTEIRO

- Sainetes de Isabel López Lajas (valverdeiro)
- Un conto e un poema, de Domingo Frades (mañego)
- Contos de Severino López (lagarteiro)

LIMIAR

Este libriño electrónico partiu da idea de poñer na rede unha escolma de literatura das zonas galego-falantes fóra dos límites políticos de Galicia. Queríamos demostrar que nestas comarcas o galego utilizouse e segue a utilizarse tamén como rexistro culto e literario. Pero o proxecto fóisenos das mans. Había moita máis literatura -e mellor- da que nós criamos.

Aínda así, seguimos adiante co intento con teimosía. E advertímosvos dende agora que esta escolleita non foi realizada por expertos, aínda que algúns deles nos axudaron, e moito. Estadés ante unha escolma voluntariosa, mais non científica.

O noso desexo era dar a coñecer estes textos, que nalgunhas ocasións foron ignorados polos propios historiadores da literatura galega precisamente por formaren parte desa periferia da periferia que é a chamada 'Galicia irredenta'. Só agardamos que aquí atopedes pequenos tesouriños que non coñecíades. Ou, alomenos, que aprendades tanto como nós aprendemos ao andarmos á procura deles.

Este é o noso agasallo para este Día das Letras na honra de Sarmiento. E non sería posible se non for pola impagable colaboración de Henrique Costas, Francisco Macías, Xavier Frías, Alicia Fonteboa e tantos outros...

Vieiros

LITERATURA  
BERCIANA

A continuación presentámosvos mostras diferentes de literatura galego-berciana dende mediados do século XIX ata agora. Hai textos illados, contos populares, poemas solitarios, pero tamén algunha grande obra que vos queremos convidar a ler.

É o caso de Ensayos poéticos en dialecto berciano, do cacabelense Antonio Fernández Morales, que publicou este libro en 1861, e que agora algúns reivindicán como autor fundamental no Rexurdimento galego. Tarde lle vén a gloria a Morales, unha personalidade incrivelmente atractiva (militar e masón) que agora volve a ser lido despois de anos no completo esquecemento.

Convidámosvos a ler tamén algunhas mostras da literatura de tradición oral que nos achegou Alicia Fonteboa. Nunha auténtica 'operación rescate' esta profesora colleitou entre os máis vellos romances, contos e lendas populares que permaneceron -e aínda permanecen- na memoria colectiva dos bercianos.

## 2.1 A poesía

Do mesmo xeito que en toda Europa e na Galicia administrativa, o rexurdir literario no galego no Bierzo produciuse no século XIX. Os primeiros poemas que se coñecen en galego foron publicados en 1860 nunha revista leonesa, *El Esla*: "Recuerdo a Puente deume en dialecto berciano", de Isidoro Andrés Ovalle; e "O fiandón da aldea", de Antonio Fernández Morales.

Precisamente este foi quen publicou en 1861 *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, unha obra con 6.000 versos en galego que foi publicado dous anos antes que o *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. Este completo descoñecido ata o momento está a ser reivindicado nos últimos tempos por varios filólogos -Henrique Costas, Anxo Angueira e o propio Ferrín- como un precursor da literatura galega moderna.

No século XX a produción literaria en galego no Bierzo mermou considerablemente. Só atopamos poemas illados e ningún autor consolidado. Amosámosvos a continuación versos de Isidoro Andrés Ovalle, José Bálgame e Francisco de Llano; de quen só se coñecen as poesías que aquí publicamos. Soamente Ramón González-Alegre, fundador da revista poética *Alba*, publicou *Os namoros* (1961).

Nos últimos tempos deuse a coñecer unha poeta chamada María José Montero (Carracedelo), con obra bilingüe e algúns poemas publicados na revista *Vagalume*, da asociación cultural homónima.

# ANTONIO FERNÁNDEZ E MORALES

(ASTORGA, 1817 - CACABELOS, 1896)

Este militar masón publicou en 1861 o poemario "Ensayos poéticos en dialecto berciano", que agora se está a reivindicar como un libro fundamental para a literatura galega moderna. Este autor, completamente descoñecido e ignorado ata o de agora pola historia literaria galega, viuse moi influenciado polo filólogo catalán Mariano Cubí i Soler, que foi quen o animou a escribir en galego.

Segundo Anxo Angueira, autor dun estudio sobre Morales, "a súa obra resulta pioneira na corrente realista, costumista, que despois desenvolveron, ao seu xeito, Rosalía de Castro e Curros Enríquez". Segundo el "resulta un canto ao Bierzo, ás súas vilas e aldeas, un dilatado mural no que se pintan paisaxes, tradicións e costumes. Agora ben, o fascinante valor etnográfico e antropolóxico destes versos, non debe pór na sombra o orixinal traballo literario do autor". Agora lles amosamos tres poemas para que xulguen vostedes.

## Á SANTÍSIMA VIRXE DA QUINTA ANGUSTIA

No mesmo medio do xardín berciano  
onde situada estivo a populosa  
Bérgidum Flavium que o poder romano  
non pudo defender da belicosa  
xente goda; nun val que rega oufano  
o Cúa, e pé do Castro da Ventosa,  
veise unha vila Cacabelos do xardín delicia,  
porta de flores da feraz Galicia.  
Os romanos, fuxindo, os pueblos todos  
destruíron e a vila logo alzaron  
sobre as ruínas de Bérgidum os godos.  
Dicen outros que a Bérgidum queimaron  
de orde dun rei, porque de malos modos  
os veciños contra el se rebelaron  
e que solo salvou a xudería  
que é a mesma vila que subsiste hoi día.  
Piramidais medeiros de herba e palla  
dos campeliños e do campo todo  
un pueblo novo fain na sega e malla,  
dun mui vistoso campamento a modo.  
O mesmo a moza aíli na més traballa  
que o robusto rapaz; e decir podó  
que as mozas baixan e erguen os seus mallos  
o mesmo que se foran de bangallos.  
Regan o campo as presas dos muíños  
e baña a vila un río que, por teito,  
guiraldas ten de umeiros, sangubiños,  
agavanzos, salgueiros e algún fieito.  
Esvara seus cachois cristiáliños  
de areas de ouro por un brando leito  
onde nadan os peixes, corren moitas  
anguías e brincan fóra da auga as truitas.  
Entre as devesas, en que as eguas corros,  
pra defenderse, fain, das dentelladas  
dos moitos lobos, e onde van dos zorros

fuxindo as pobres lebres apuradas,  
 Xibrian os estorniños e cochorros;  
 rulan as rolas, que andan en bandadas,  
 gorxea o pardillo á par dos reiseñores,  
 e as barburetas dan bicos nas flores.  
 Frondosas veigas, hortos e cortiñas  
 arrodeados de beirois espesos;  
 xardiños e ribeiras e campiñas  
 e soutos por serpentes de agua presos;  
 arboredas, pradeiras, olgas viñas,  
 e minas de ouro e prata amais nos tesos  
 que o Bierzo abarcan, sempre por tributos  
 á vila muitos dan bienes e frutos.

## A PONFERRADA

Perla do Bierzo, vívido astro  
dese verxel  
onde o romano deixou o rastro  
do seu dominio no Fuerte, o Castro  
e en Pajariel:  
risueña ninfa, que o Sil che esmalta  
de prata o brial  
cuando en menudos copos ben alta  
a espuma bota, que fóra salta  
do seu cristal:  
Sobre túa fronte de nubes gualdas  
coroas teis;  
dormes de flores entre grinaldas  
e o Sil bicando túas ricas faldas  
corre a teus peis.  
¡O Sil! serpente de escamas de oro  
que noutro Edén,  
onde por Evas hai un tesoro  
de hermosas perlas, coa brisa a coro  
soa tamén.  
Con fala ignota vai murmurando  
con muito afán  
das túas neniñas o nome brando;  
ou, porque as deixan, quizá chorando  
as ondas van.  
En pobre prenda dos seus amores  
as brinda o Sil  
áureas areas; de mil cores,  
pra os seus cabelos, fai brotar flores  
naquel pensil.  
Dérame o Cielo pé daquel río  
ver o arrebol  
dos días nacentes do grato estío,  
e cual refracta sobre o rocío  
súa luz o sol.

Dérame o Cielo desas túas fontes  
ver o raudal

cómo serpea ó pé dos montes,  
e cual se pintan os horizontes  
no seu cristal.

E ver as presas cual se desatan  
en cintas mil,  
e como os Cielos nelas retratan,  
cual van e volven e se dilatan  
polo pensil.

E oír cual balan os cordeiriños,  
e entre o rosál  
como gorxean os paxariños,  
o enxamio zumba e os estorniños  
xibrian no val

Ver cual rebrincan o poldro e xato  
pé do pastor;  
como amergulla na presa o pato  
e as barburetas ir no val grato  
de flor en flor.

Ver os estanques e surtidores  
dese verxel  
cuallaos de flores de mil cores  
e as abelliñas sobre esas flores  
libando o mel.

E cual das rosas bate o capullo  
brisa sutil,  
e oír das rolas o brando arrullo  
facendo coro co gran murmullo  
do Boeza e Sil.

Gozar do encanto e da ventura  
que ó corazón  
aí regalan o val, a altura,  
as flores, aves e da luz pura  
a vibración.

Ver os frutales que a fruta esgaza  
co peso; a més

que os campos cubre, e a vid que abraza  
do almendro o tronco, trepa e se enlaza  
del ó través.

E logo á noite fresca e serena  
dormir ó son  
dos dulces cantos da filomena  
e da cascada que se despena  
sobre un lastrón.

Todo en teu torno bole e se anima;  
nos dan pracer  
as aves, fontes, flores e clima;  
pero nosa alma inda sublima  
máis a muller.

Ese ser bello de quen a pura  
brisa, o azahar  
e a neve, envidian sempre a frescura,  
esas cores e esa brancura  
tan singular.

Querida Vila; pra o Edem do suelo,  
pois quíxoo así,  
tomou do Bierzo Dios o modelo,  
e entre as estrelas daquese Cielo  
te puxo a ti.

Se Dios te fixo tantos honores  
e todos vein  
en ti súa gloria, xardín de flores,  
¿eu, que che debo tantos favores,  
non te amarein?

Mais, pois túas auras eu non respiro  
nesta ocasión,  
nin os encantos do Bierzo admiro,  
deixa que lance por ti un suspiro  
meu corazón.

## VILAFRANCA E A VENDIMA

Sempre amigo de falar  
cuanto guipan os meus ollos,  
vouche, lector, a contar  
o que a través dos anteollos  
viron nun certo lugar.  
Este lugar é unha villa  
franca, garrida, sencilla,  
cos honores de Ciudá,  
que de dous ríos na orilla  
e nun val cravada está.  
Dos tesos que a tein cercada  
parece que as crestas bican  
de noite a lúa prateada,  
ou que a ela se apelian  
ou que está nelas sentada.  
Aquestes xigantes montes  
que a cresta esconden no Cielo,  
amenguan os horizontes,  
e manan deles mil fontes  
que as presas forman do suelo.  
Están cuallaos de castaños,  
de rebolos e escambrois,  
e tein carreiros tamaños,  
que os do país e os estraños  
pasan neles apretois.  
Tras destes montes espesos  
outros máis espesos hai;  
e por estes outros tesos  
e tesos inda máis tesos  
e máis espesos se vai.  
Mudan nos zarzais e escobos  
aíll as culobras rastreiras  
a camisa, e nas ladeiras  
dos cavorcos tein os lobos  
e as zorras as madrigueiras.

Brincan cervos e corciños  
por seus barrancos fragosos;  
polas matas cos fociños  
se abren paso os xabariños  
e non faltan alguis osos.  
Pero deixando estes tesos  
pra os cazadores sen sesos  
que as feras van a buscar,  
e brazo a brazo a lutar  
se poín cos osos tesos;  
Tornemos á nosa villa  
franca, garrida, sencilla,  
cos honores de Ciudá,  
que de dous ríos na orilla  
e nun val cravada está.  
Cual tesouro que a codicia  
de dous avaros escolta  
con xusticia, ou sin xusticia,  
tira por ela Galicia,  
mais Castilla non a solta.  
Sempre na súa veiga, cuando  
empeza a alumar a aurora,  
os paxariños gorxeando  
despertan do sono brando  
á labieiriña pastora.  
Nesta veiga, chea de olores  
da escornacabra, artemisa  
e outras mil diversas flores  
das máis brillantes cores,  
acinga as plantas a brisa.  
Dos umeiros as raíces  
lamben as presas; no fondo  
dos barrancos hai perdices,  
carreiregas, codornices,  
rolas e lebres abondo.  
Entrando logo na villa  
franca, garrida, sencilla

que honores tén de Ciudá,  
un castelo hacia Castilla  
o viaxeiro atopará.  
Atopará dulce trato  
que regale seus desexos;  
tertulias, bailes, boato,  
café, teatro, paseos  
e cuanto pode ser grato.  
Se logo se vai á praza,  
aíí verá pampalliños,  
liño en cerros pequeniños,  
de Dragonte leña e caza  
e de Hornixa marraniños.  
Leite fresco de Vilela;  
as tarxas de Ponferrada;  
as truitas de Paradela;  
de Burbia a leite mazada  
e estopa de Horta en manelas.  
Manteca, en grandes roscois  
de tripas, de Paradiña;  
de Penoselo xamois;  
perdices da Veigueliña,  
e de Ruitelán castrois.  
De Bembibre pimentón;  
nas tabernas muitas "zorras";  
de Galicia pescao bon;  
trigo e mel de Valdeorras,  
e figos de Corullón.  
Furcos de cebolas e allos;  
rocas, cucharas e fusos;  
forcadas, palas e mallos;  
pano burdo pra rodallos;  
monteiras e outros máis usos.

# ISIDORO ANDRÉS OVALLE

(SAN FIZ DE CORULLÓN)

De Vilafranca. Escribiu na revista *El Esla* un poema de 242 versos titulado “Recuerdo a Puente deume (en dialecto berciano)”, en 1860, o que o convirte no primeiro poema en dialecto berciano que foi publicado.

## RECUERDO A PUENTEDEUME

(En dialecto Berciano)

Pontedeume, Pontedeume  
de pescadores nial,  
¿quen en garrido e frondoso  
contigo poderá igualar?  
¿Que ten túa rica campiña,  
que ten castelo de Andrad,  
de trasgos, dicen, morada  
e curuxas inda máis?  
Túa ría de limpas aguas,  
túa ponte cortando o mar  
con máis ollos que tuvo Argos  
pra Colcos naíz fatal  
¡Naide! que eres entre as xoias  
de Galicia, sen igual,  
guardada pola Marola  
que non che poden roubar!  
Cando Dios, do Paraíso  
botou por goloso a Adán,  
dicen autores, foi visto  
que o guindou a ese areal.  
¡Por eso tan lindas Evas,  
tanto gallardo rapaz,  
tanta fruta, tantas frores,  
tanta hermosura en ti hai,  
que Pontedeume é semello  
ó paraíso terrenal!  
En ti encontra o forasteiro  
a tenra hospitalidá  
se se buscan cabaleiros  
en ti cabaleiros hai;  
e comerciantes activos  
e o cumprido militar  
e o labrador afanoso

e o pescador servicial  
e por teres tu de todo  
crónica tradicional  
que nos conta por que a ponte  
ten mil varas e algo máis  
e por que, en faesía, tanto  
gastaron na antigüedad,  
sen ser obra de romaos  
¡anque pudiera ser tal!  
Esta ponte, según dicen  
foi obra particular  
feita polo conde Andrade  
con outras seis pontes máis  
nos seus dominios construídas  
de que era señor feudal  
en castigo da vinganza  
que exerceu sobre un Abad  
mitrado e tamén con feudo  
relixioso e militar;  
dos que aos fieles bendicían  
coa espada, dándolles paz.  
Este Abad, señor merino  
con vasalos e demais  
pleito con Andrade tuvo  
señor xurisdiccional,  
mesnadeiro, castellano  
e conde de armas tomar.  
Sicasí do poderío  
do conde Andrade xamais  
vencer pudo o Abad que digo  
(que naquela antigüedad  
terciaba o Papa, e seu Veto  
tería potencia tal,  
que a seus peis caían os condes  
os duques e a Maxestad).  
Mais non era o conde Andrade

home de ofensas pasar  
sen venganza, e sagazmente  
finxiu que estaba ia en paz,  
anque a paz que meditaba  
pra aquel era a paz final.  
Ocultando no seu peito  
orgullosa, con afán,  
a humillación que sufriran  
seu blasón é dignidá,  
sorrisos finxía ó Prelado,  
como se non fora tal;  
non perdoando agasallos  
e cumpridos por demais,  
pra poder con máis cautela  
seu negro plan ocultar.  
Enganado co estas mostras  
o desventurado Abad  
pensou ia que impunemente  
ofendira a señor tal  
e aceptou ledo un convite  
que lle fixo o conde Andrad  
saíndo pra ir ó do conde  
de seu palacio abacial.  
Ia se asoman ás almeas  
do castelo, sen cesar,  
os do conde, e tenden frores  
que encubran tanta maldá  
como no peito encerraba  
aquele fidalgo desleal.  
Ia levantan o restrillo  
ia no patio principal  
alabardeiros gallardos  
pra máis honra, armados hai;  
porque das almeas viron  
que o prelado iba chegar  
o mesmo conde impaciente

deixa a súa cámara e sae  
de lindos paxes rodeado  
a recibilo ó zaguán.  
Un lle bota a man ó estribo  
outro a renda bota á man  
cal un escabel lle arrima  
pra maior comodidá  
e outros con fachois o guían,  
hasta a sala principal  
en dúas fías, dando vivas  
traidoras ao probe Abad,  
que as bóvedas devolvían  
en ecos de funeral.  
Solio de rei lle puxeron,  
dosel de tisú labrao  
con atributos de bispo,  
mitra e vara pastoral,  
obra toda feita ao caso  
pra mellor podelo honrar  
todo canto o luxo inventa  
e apetece á vanidá,  
ailí xunto se encontraba  
sobre unha mesa letal.  
Candelabros cincelados,  
que un rei pudiera envidiar  
vaixela de ouro cuallao  
o damasquino cendal,  
e as viandas máis selectas  
que cría a terra e o mar  
con profusión abundaban,  
que era Andrade conde real  
en riqueza e poderío,  
e quixo o resto botar.  
Asombrado estaba o huésped  
e non era por demais  
que se no pleito humillado

Andrade pudo quedar,  
en poder, en fausto e luxo  
quedaba o prelado atrás.  
Os reies nos seus palacios  
nunca puderon xuntar  
pescados máis delicados,  
frutas do gusto especial,  
espárragos máis sabrosos,  
viños de máis calidá  
que os que apiñados se vían  
naquela mesa condal.  
De todo comía o prelado  
hasta que non quixo máis  
viños e postres gustaba,  
e ia se iba levantar,  
despois de dar a Dios gracias  
e ao conde por tal bondá,  
cando este con voz solemne  
e sonrrisa singular,  
cachaza, dixo, cachaza,  
que falta o mellor Abad.  
E este obsequio sería curto  
sen o postre prencipal.  
Fixo enseguida unha seña  
e amarrano por detrás  
dous ballesteiros da guardia  
do castelo desleal,  
mentres o conde lle bota  
esta arenga singular:  
“Eu son o conde de Andrade  
que non olvida xamais  
os favores e as ofensas  
que premia e sabe vingar,  
veñan do rei ou do papa,  
do ceo ou de satanáis,  
e o relixioso carácter

fundado quixeche, Abad,  
ollar do meu timbre o nome  
e insultarme sen pensar  
que son guardián mui celoso  
da honra e da dignidá  
e ao que altivo me ofende  
non lle perdoo xamais.  
Vós por adquirir inxusto,  
estados meus nada máis  
guerras me armastes e pleitos,  
e como, súa santidá,  
mediou neles con usura  
hoi vos pretendo pagar.  
Quero facervos obispo,  
cando sólo sois Abad,  
trocando a negra hopalandra  
pola mitra episcopal.”  
Concluíu súa arenga o conde.  
O Abad non osa falar  
da felonía asombrado  
que encubriu tanto afán.  
Dous saiois, unha mitra,  
acabada de forxar  
de ferro albando, en tenazas  
collida, fumegando traen.  
Así lla poin na cabeza,  
a carne empeza a chirrar,  
coma o mártir San Lorenzo  
asado a morte lle dan  
e con sarcasmo lle dice  
o conde ó velo expirar:  
“Deuda por deuda, prelado,  
saldada estamos en paz.”  
Mais ¡ai! que Dios os delitos  
non deixa por castigar,  
e en vez da paz tuvo o conde

remordementos e afán,  
e pasou a vida triste,  
sempre en continuo pesar,  
sen saírlle noite e día  
da memoria o pobre Abad,  
hasta que peregrinando  
a Roma pudo chegar  
a botarse aos peis do Papa  
con contrición e humildá,  
e ofrecer por penitencia  
sete pontes fabricar  
nos seus dominios, sendo esta  
a ponte máis prencipal.  
Levantou unha capela  
e un hospital ademais  
de peregrinos, na ponte  
pra borrar a crueldad  
con que tratou o seu huésped,  
aunque el lle fixera mal.  
Se foi certo este suceso  
non o podo asegurar  
porque a tradición varía  
e non hai orixinal  
de que eu teña conocencia  
con que podelo probar:  
aunque é certo que hai a ponte.

# FRANCISCO DE LLANO E OVALLE

(VILAFRANCA DO BIERZO, 1871-1945)

Avogado, escribiu varios libros e obras teatrais. O poema que reproducimos foi publicado en 1896 no libro Flores del Bierzo lozanas y mustias

## ¡AI! MIÑA TERRA

Suspirando, suspirando,  
sempre estou polo meu chao  
sen que nada me console  
da pena, máis que inhumana  
que levo na miña ialma  
cravada cal un puñal.  
As cordas do sentimento  
xa as teño todas quebradas  
de tanto como chorei  
lonxe da miña terriña,  
que adoro porque é tan boa  
e porque encerra delicias  
que semellan un edén.  
Que me queixe, non é estraño,  
nin que morra de tristura  
tampouco un milagre é,  
lonxe da terra querida  
que che me veu nacer:  
lonxe desa terra hermosa,  
remedo do Paradiso  
onde a montois hai beleza,  
e as maos cheas á ternura  
atópase por doquer.  
Nesa terra feiticeira  
de inverno, de vrao, de outono  
onde suspiran as fontes  
onde os paxaros chirlan  
con dulces e ternas notas,  
onde a pradeira se esmalta  
con colariños de rosas.  
¡Como olvidarche terriña!  
se eres ti tan hermosa,  
se encerras tantos encantos,  
se tu teis tan boas cousas;

como non, chorarte sempre  
na forma máis angustiada,  
con fera door no peito  
e na ialmiña a congoxa.  
Como olvidar as noitiñas  
de lúa serena e crara,  
onde ao pé dos tizois  
pasein as noites da xiada  
oíndo os dulces contiños  
da naiciña de mi alma.  
Como olvidarche?...¡imposible!  
as túas rapazas e festas,  
o máxico son da gaita,  
os sentimentos da aldea  
e as nenas coas romerías  
van co ramiño de albahaca:  
¡Non miña terra! ti sempre  
has de vivir no meu peito  
e formar, sempre a primeira,  
dos meus caros pensamentos.  
De ti non podo olvidarme,  
das túas noites de inverno,  
das túas frores, dos teus montes,  
das veredas, dos rigueiros;  
das casiñas onde tiven  
meu amor, meus embelesos;  
da nena dos meus olliños  
que hoxe tan lonxe a teño,  
dos amiguiños da infancia,  
que as noites do vrao saían  
comigo a tomar o fresco  
pola campiña adiante  
cando cantaba o mochuelo  
cando asubiaban as auras  
suaviño, suaviño e quedo.  
Eu olvidarche?...¡imposible!

son teu filliño e non quero  
que ti ma podes ingrato  
sen cariño e sentimento.  
¡Ai! miña terra; eu sempre  
hein de levarte no peito,  
e has de formar a primeira  
dos meus caros pensamentos.

# JOSé BáLGOMA SUáREZ

(VILAFRANCA DO BIERZO, 1861-1931)

Este médico vilafranquino escribiu unha manchea de poemas baixo o título "Bierzo amado" que se perderon case totalmente. O único que se conserva é este "Maruxiña", que foi publicado no xornal El Heraldo del Bierzo en 1913.

## MARUXIÑA

Maruxiña está triste;  
Maruxiña está pálida;  
e non baila nos bailes  
nin se vei nas fiadas.

¿Que terá Maruxiña  
que nin ríe nin canta,  
nin se mira nas fontes  
nin parola coas vacas,  
nin traballa nos eidos,  
nin sai cuase da casa?...  
¿Será certo o que cuntan?  
¿Será certo o que falan  
dun mal paso que tivo  
na fogueira da Páscoa  
co aquel mozo pinche  
que decote a rondaba?...

¡Ai coitada Maruxa!  
¡Ai froliña muxada,  
branca pomba ferida  
nas áas; se esa é a causa  
das túas tristuras  
e das túas bágoas,  
mellor fora que a morte  
pra onde si a levara!...  
que as mociñas sen honra  
son cal as moedas falsas,  
que ninguén as cobiza  
pra no peto gardalas.

¡Se ela fora ben rica  
inda as cousas variaban!

Pero ¡ai! Maruxiña  
 non tiña a coitada  
 máis bés neste mundo,  
 tan cheo de trampas,  
 cás gracias do corpo  
 e a honriña que herdara...

E eso...¡Xa o perdeo!...  
 ¡Quedouse sen nada!  
 Máis probe cós probes  
 que dormen nas pallas,  
 e andan polas portas,  
 cal doentes pantasma,  
 tremando co frío,...  
 coa fame na cara!...

Por eso Maruxiña...  
 nin ríe nin canta,  
 nin baila nos bailes  
 nin vai ás fiadas.

¡Probe Maruxiña...  
 seca as túas bágoas!  
 ¡Por amor caíche!...  
 ¡Levanta, levanta!

E se cando volva  
 -se volve- da Habana  
 aquel mozo pinche  
 que a noite de Páscoa  
 che furtou o creto,  
 dándoche palabra  
 de casar contigo,  
 contigo non casa...

¡Entón!...¡Non sospires  
nin chores!...¡Agarda!...  
¡E á porta da airexa,  
se coa mao che cadra,  
co mazo do liño,  
co couce da sacha,  
cun croio... cun raio  
que pró caso valia!...

¡Féndelle os miolos  
hasta que lle saian  
coa vida, pra sempre  
da testa rachada!

¡Probe Maruxiña;  
frolíña muxada!

Se é certo o que cuntan,  
se é certo...¡que lástima!

# RAMÓN GONZÁLEZ- ALEGRE E BÁLGOMA

(VILAFRANCA, 1919 - VIGO, 1968)

Este vilafranquino fundou na Coruña a mediados do século XX a revista poética Alba. Escribiu diversos libros de viaxes, poemarios e obras teatrais en castelán. En castelán publicou tamén o volume Poesía gallega contemporánea (1954) e a escolma bilingüe Antología de la poesía gallega contemporánea (1958).

En galego publicou o libro de versos Os namoros (1961) e cinco pezas teatrais compiladas en Teatro Galego (1953-1955), en 1955. Á parte dos poemas recollidos no libro Os namoros, deixou espaxados por revistas, antoloxías e catálogos algunhas pezas poéticas en lingua galega. Os dous poemas que incluímos foron publicados nas páxinas da revista Alba.

## URRO POR GALIZA

Como meu amor enteiro,  
eiquí Galiza, alumeado  
polo tempo asoballado  
veño arrogante romeiro.  
Traio sorrindo, amarradas  
nun canto de rousiñol  
este tempo verderol  
de brétemas arrincadas.  
Eu canto a Galiza amiga,  
neste penedo, agardando  
sen tristuras, nin chorando  
bágoas de gaita ou cantiga.  
Cando esta patria apertada,  
e eses chifros do horizonte,  
e esa bruma, e esa fonte  
que baila coa neve xiada.  
Esa bruma que vai queda  
pola terra ben triscada  
camiño da lúa rosada  
por sucos da noite leda.  
Eses miragres que van  
nos picoutos silandeiros  
coma belidos trobeiros  
cubertos de neve en verán.  
Eses arbres, que veciños  
das ribeirananas abrentes  
van mergullando as correntes  
garrideiras dos muíños.  
Esas silvasmouras nenas,  
paroleiras e pousadas  
que bican veigas louvadas  
polas grinaldas pequenas.  
O meu amor namorado  
sinto que lembra o asubío  
do merlo que vai badío  
polas gandeiras do prado.  
Sinto pasar os pombales

polas cuncas do meu peito,  
e vexo o xardín ergueito  
feríndome de rosales.  
Teño as noites montesías  
na herbiña caraveleira,  
arrecendente ribeira  
das fiadas invernías.  
E teño o meu corazón  
envolto nun madrugueiro  
ventiño ledó, e trouleiro  
que baixe á miña prisión.  
Que me traia o seu fungar,  
que veña a brétema amiga,  
que soe a verde cantiga  
na herba verde do luar.  
Terra do meu alumear,  
nesta balada te vexo  
e no meu peito un latexo  
peta na terra e no mar.  
Lonxanas as campaiñas,  
nos cumes rosman as fadas,  
e as moceiras namoradas  
teñen a cor das raíñas.  
O fiúncho das montiñas,  
os anacos do aguaceiro,  
e iste froito derradeiro  
que aturuxan as froliñas.  
Esta balada galleira  
que o meu xeito canta e canta,  
ten un murmullo que pranta  
as bágoas na sementeira.  
Longa vai a carballeira  
por valados e loureiros,  
longos están os milleiros  
que soben pola silveira.  
E volve leda a lembranza  
co meu urro fogueteiro,  
¡Viva o noso amor enteiro,  
e viva a nosa esperanza!

## MAIS TI LATEXAS, OUH AMADA MIÑA

Diante soio desta tarde enteira,  
a suor entre as mans e os ollos pechos,  
son illa que nas ondas ergue a vida  
como un segredo amor que me fai ceo  
ou tenue libertade nunha cova,

onde os días son tebras e mensaxes,  
laverca dunha folla que asubía  
como unha fruta triste e namorada.

Son illa e sono ao pé da mesma iauga,  
antre un ruxir de escumas e navíos,  
antre un cantar de mozas nas fiadas.

Mais ti latexas, ouh amada miña,  
coa túa vida frondosa e fuxidía,  
tan calado soar das doces liras  
que hastra os lóstregos silandeiros falan.

Na noite en que esvaras como escuma,  
na noite en que son illa e ruda árbore,  
no teu branco espesor dásme espesura.

Ti latexas, amor, latexas ouro  
nas raiolas abrentes do teu aire,  
ese que ves morrer pola túa gorxa  
como se fora un paxariño vello.

¿Sabes, amor? ¡Son illa; illa vivindo  
onde tes teu abril nas verdes ponlas!

# MARÍA XOSÉ MONTERO

(SILLEDA, 1957)

Nada no Castro (Silleda), leva vivindo dende hai moitos anos en Carracedelo. Ten publicados dous libros de poesía en español, 'Paisaje íntimo' e 'Voces que al nacer se mueren'. En galego publicou varios poemas na revista 'Vagalume' que publica a Asociación Cultural Vagalume de Vila de Paos (Carrecedelo), que ela mesma preside, e nos Cadernos do Instituto Valdeorrés. Foi concelleira en Carrecedelo oito anos por IU.

**COMO MULLER**

Como muller sabe moi ben  
O que manca a doenza dun bico  
Esquecido ná batalla dó tempo.  
Coñece o que doen os dias e as noites  
Marcadas polo ferro dá ausencia consentida.  
E como tremba a pel cando chega o inverno  
E non hai nó lar ningun lume acendido  
Nin unhas mans mornas,  
Dispostas a mexe-la e a xogar  
Como as gaviotas que rebrincan ná praia  
A remexer seu corpo e enche-lo de caricias.  
Como muller coñece o medo  
Dá nai que ve voar ós fillos  
E tremba por eles  
E por todo-los medos dá vida e dá derrota.  
Como muller garda un recuncho no corazón  
Que non lle pertenece.  
E cando recorda os camiños que andou  
Lle baixa unha bágoa de chuvia serea  
Pola roseira vermella das mixelas.  
Como muller está a prantar frores  
Neste xardín de regos quentes  
Que se abren acougados  
E recollen a semente das palabras tranquilas  
Que dormen nó berce dó vento e, agarda  
Pacente, a chegada dá nova primaveira  
Para mirar as frores nó amanecer nostálxico  
E ,soñar que resnace, ná dozura das pétalas.

## O BICO

Chorei

Cá cabeza acochada

Nó teu hombreiro

Miñas peas de días,

E de anos,

E de séculos.

Miñas bágoas doentes

Caían polo teu peito

Namentres túas mans

Como carballiños tenros

Xogaban nun aloumiño

Cás rodas dó meu cabelo.

E foi cedendo o orballo

Nestes meus olliños pretos

Cando pousa-che teus labres

Nós meus labriños vermellos.

## 2.2 A literatura de tradición oral no Bierzo

A continuación amosámosvos unha mostra da literatura de tradición oral na comarca do Bierzo. Trátase de varios textos recollidos nos pobos e aldeas por Alicia Fonteboa, que foron publicados nun volume baixo o título 'Literatura de tradición oral en El Bierzo' (Diputación de León, 1992, 481 páxinas).

Nunha auténtica 'operación rescate' a profesora Fonteboa colleitou entre os máis vellos romances, contos e lendas populares que permaneceron -e aínda permanecen- na memoria colectiva dos bercianos. Son todos interesantes textos que definen a sociedade que os creou e tamén a lingua que os contou.

Os relatos foron transcritos seguindo fielmente as características dialectais da zona. Achéganse tamén os datos dos informantes.

## ROMANCES

### Polas Noites, Maruxiña

-Polas noites, Maruxiña,  
qué cansadiño che veño,  
dame un tallo pre sentarme  
por que de pé non me teño.

-E qué milagro, Peruxo,  
vir hoxe tan sofocado,  
qué é o que traerás de novo,  
por ahí algún milagro.

-Pois tráigoche unha noticia  
que agora che vou contar,  
pois veño a ver se me queres  
porque eu quérome casar

E si é que nos casamos  
iacétalo que che digo,  
antes de que nos casemos  
hay que facer un rexistro.

-Eu non son ningunha burra  
que teña que se rexistrar,  
pois si ves con esos  
contos xa deiquí podes marchar.

E marcharon onda o cura,  
non lles puxo impedimento,  
botaron as monicions  
e casouse moi contento.

Pero na primeira noite  
que durmiu con Maruxiña,  
xa lle empezou a decir  
que lle doía a barriga.

E logo ós poucos momentos  
saliu rebrincando a cría,  
que Peruxo, asustado,  
dun brinco foi á cociña.

-Levántese miña sogra,  
que teño a muller parida  
e non sei quen é o pai,  
a ver se se conoce a cría.

-O pai eche o señor cura,  
díxolle o demo da vella-  
pero tu non digas nada,  
que nos deu muitas cadelas,

pois deunos cuatro mil ras  
pre comprar unhos becerros;  
así que, meu Peruxiño,  
xa podes estar contento.

-Eu contento xa estou,  
que viva él muitos anos  
pois sacoume dun apuro  
iaforroume un traballo.

Agora vouvos decir  
o que engañan as mulleres,  
ó pobre Peruxiño  
déronlle gato por lebre.

**Informante:** Nieves Castellano

**Idade:** 80 anos

**Localidade:** A Válgoma (En Camponaraia)

**Escolma:** febreiro do 1991

## Sangindán

Sangindán quier casar,  
non tien a muller buscada,  
vínolle a facer l'amor  
a la filla la tía Xuana.

-Boas noites, tía Xuana,  
¿dónde lle foi a rapaza?  
-Foi buscar augas pra noite,  
xa me parece que entarda.

E luego entra la nena  
por la puerta para dentro.  
-Boas noites, Sangindán,  
tráigote no pensamento.

-Eu che me dirás de burlas  
y eu dígote de veras  
que vai un rato qu'estoy  
aquí quentando as canelas.

Eu soy solíño de padre,  
non teño con quien partir,  
en riqueza no la teño,  
pero habemos de vivir.

Tengo unha cabra moi boa,  
a dos ovellas preñadas,  
unha galiña que pon  
os ovos pras torradas.

A cabra fuche moi boa,  
u trouxo cuatro cabritos,  
mentres que dous mamaban  
os outros andan a brincos.

-Eu xasar bien me casara,  
 pero tamén te cuntar:  
 tengo facer unha saya  
 y téngola por fiar.

Tengo unhos zapatos rotos,  
 un pano todo furado;  
 si tes cuartos, cómprame un,  
 casámonos de contado.

Hiciéronse los monestos  
 como uso acostumbrado,  
 leváronse ó señor cura  
 con idea de cuntalos.

El cura leíulles logo  
 el ofertorio de misa,  
 a gente que los oíu  
 todo le serviú de risa.

A nena diulle vergonza  
 que apenas aínda servía;  
 cuando se foi a casar  
 díxolle que non quería.

El Sangindán quedou teso  
 como as bergas dun cañizo,  
 diu a vuelta para casa  
 y siquiera adiós le dixo.

**Informante:** Manuela Corral

**Idade:** 60 anos

**Localidade:** Cubillos do Sil

**Escolma:** outubro do 1990

## LENDAS

### A mula do cura

Unha vez érase un home que iba roubarlle a mula al cura, ie encontrou co diablo no camiño, ie díxolle:

-¿Ande vas, ho?

-¿Ia ti qué che importa?

-Home, a lo mejor ímo-los dous pro mismo sitio!

-Pois voun roubarlle a mula al cura.

Ie dice o diablo:

-Pois voun roubarlle el alma á criada.

-Bueno, ie cuando cheguemos á porta, ¿quen abrirá? -dixo l'home.

-Abroche eu, ho -dixo el demonio.

Ia despois abriu a porta de par en par. Cuando él púxose a soltar a mula, vai a criada ie estornuda.

Ie dixo:

-Dios te ayude, criatura, pre qu'el diablo non te leve.

Ie el outro empezou:

-¡Cura, cura, cura,

que che levan a mula!

Ie el diablo escapouse; io amo da mula díxolle ó home:

-¿Tú qué fais eiquí, ho?

-Mira, estaba muy faltoso ie víñache rouba-la mula pra venderla pra darlle pan ós filliños, que non teño nada que lles dar. Ie veuche tamén o diablo pra levarlle a alma da criada.

Ie dixo:

-¿Ie leva ou non a leva?

-Non, porque eu dixen: Dios te ayude, criatura, pra qu'el diablo non te leve.

Ie contestou o cura:

-Pois ahora a mula, regálocha.

Ie o diablo xa marchara, ie salvámonos todos.

**Informante:** Nieves Abella

**Idade:** 68 anos

**Localidade:** Candín

**Escolma:** xullo 1988

## Un renubeiro na malla

Unha vez estaban mallando alí arriba -nós tiñamos antes unha alzada, e temos, unhas cabañas-.

Alía hay muita pradería ie antes sembrábase centeno e mallábase; pero é muy lejos, leva chegar tres horas andando co carro desde eiquí.

E taban mallando e entón preparouse o trueno; ie, claro, había un renubiero alí que non sabían, a xente que había alí non sabía que era renubeiro. Ie entonces pues ya se preparou a nubre, a xente aba mallando -aínda se mallaba a pau, a pértigo- ie, claro, a nubre iba descargar ya. Entonces saliu o renubiero e acenoulle así:

-Adelante, Pedro, con las mulas

Ia nubre ya non podía andar más porque iba muy cargada de piedra. Dice:

-No puede, que revienta

-Se arreventa que arrevente, tú tira palante!

Ie non descargou alí, descargou más alante, en Corno Maldito, que é un pico que hay ahí por riba de Campo del Agua, muy alto.

**Informante:** Delmiro Pérez Alonso e Alfredo Poncelas

**Idade:** 61 anos

**Localidade:** Vilar de Aceiro (Vilanfranca)

**Escolma:** outubro de 1990

## El cochino-puerco en figura de lobo

Era nos tempos d'antes cuando se iba de fiandeiro -como decimos por eiquí-. Ie bueno, pois el fiandeiro, aquel día iba pre unha casa, ie cuando chamaron na porta pre entrar, pois en casa daquela muller taba tamén el cochino-puerco en figura de lobo eilí con ela.

Ie claro, a muller cuando sintiu chamar na porta, díxolle:

-Ay, agora teis que te guardar, teño que te meter debaixo dunha goxa, que vén praiquí el fiandeiro e se te ven, mira o que pasará...

Bueno, pois el demonio que taba eilí en figura de lobo -que daquela parece que convivía ca xente- metiuse muy voluntario debaixo da goxa. A muller seguramente tamén llo dixera con malicia, pois naquel momento, desde que entrou o fiandeiro, puxo un baldao d'auga a ferver na lume colgao na preganza.

Claro, o cochino-puerco ignoraba pa que era aquilo todo. Desde que el agua taba bien fervida, a muller axudaba por un dos que taban no fiandeiro, zámpalle por riba o caldeiro d'auga fervendo.

El lobo levantouse e marchou dando voces:

-¡A vella del Cabo  
escaldoume el cu iel rabo!  
¡A vella del Cabo  
escaldoume el cu iel rabo!

**Informante:** José González

**Idade:** 58 anos

**Localidade:** Pereda (no concello de Candín)

**Escolma:** xullo de 1988

## CONTOS

### A raposa ias papas

Érase unha vez cuando os malladores estaban mallando na era del tío Cosa, pasouies un caso ca raposa.

A mediodía deixaron el pan extendido na era pa que-i diera el sol, ie foron dentro de casa a almorzar as papas que teñían nun pote a enfriar encima del escaño.

Aún no empezaran cuando baxou a raposa del monte ie mexou nel pico la era. Ie xubiu al teito ie luego, desde allí, empezou a chamalos a voces:

-¡Correde, malladores, que vos arroya l'era! ¡Correde, malladores, que vos arroya l'era...!

Entonces os malladores saliron corriendo, ia raposa baxou ie comiu as papas qu'estaban nel escaño; e non deixou raza dellas.

Cuando os malladores se dieron cuenta que los engañara, volvieron; pero a raposa ya marchaba muy farta.

Nel pico da Campelina a raposa encontrouse con el lobo ie díxoie:

-¡Ay, compadre, qué mala vengo! Se me quixiras de me llevar a l'hombro, que estou muy mala... Ie como tengo que amasar, se me llevas, fágochel bollo.

Entonces el lobo cóiula a cancaburro ie marchou por los penascos arriba con ella a l'hombro. A raposa, cada pouco, iba cantando:

-¡Vou chea e redonda de papas de manteiga, muy farta e redonda vou caballeira!

-¡Qué dices, comadre! ¿Qué dices? -preguntabaie el lobo.

-Delirio, compadre, delirio, -contestabaie a raposa.

Ie más arriba, a raposa, haciendo burla do lobo, volvía a cantar:

-¡Vou chea e redonda de papas de manteiga, muy farta e redonda vou caballeira!

Io lobo:

-¿Qué dices comadre? ¿Qué dices?

-Delirio compadre, delirio.

Seguiron así, e llevoula hasta la Pena del Cáxcaro. Allí dixo el lobo:

-Ay, comadre, ¿Cuando me vas a faer el bollo?

-Non, non puedo faerche el bollo, que non tengo pan -dixo a raposa.

Entonces el lobo, cuando viu que lo estaba engañando, agorrou ie teroula por el Cáxcaro abaxo.

A raposa empezou:

-¡Quitai, penas e garranchos, que vos mato, e ponei cobertores ie sábanas debaixo!

Pensaba a raposa que tamién iba a enganar as penas ios tucos de urz. Pero de pouco i serviu, porque a raposa matouse por aqueles penascos abaxo.

Y colorín, colorado

Este cuento se ha acabado.

El mio culo afumouse,

Y el teu aborrouse.

El mio culo está en casa,

Y el teu en brasa.

**Informante:** Sara Martínez Fernández

**Idade:** 46 anos

**Localidade:** Guímara (concello de Peranzanes)

**Escolma:** xullo de 1989

## Os curas ia muller do ferreiro

Era un pueblo grande ie había varios curas, era así como Ponferrada, por exemplo; había bastantes curas, varias iglesias...

Ie resultaba que había unha paisana que, bueno, que lle gustaba algo la juerga, asía falando en plata.

Ios curas sabían que aquela muller dábbase, que pagándolle podían ir dormir donde ela.

Ie entonces el marido era ferreiro, ie marchou a un pueblo forastero e xa foi con idea, xa quedaran el ia muller de facer un complot aquela noite.

Ie entonces os curas, como non tiñan nada que facefr aporveitaron:

-¡Huy, vai de viaje el ferrerio, queda sola a paisana!

Ie foi así pola tarde un cura ie dixo:

-¡Oye María, ¿podo vir dormir contigo, que estás sola?

Dixo:

-Sí.

-¿A qué hora?

-Ás nove, pero teis que pagarme, se non nada...

Ie bueno, detrás daquel cura veu outro, como había varios...

Ie dícelle:

-¡Oye María, hoy que estás sola , ¿podo vir dormir contigo?

-Sí, pero teis que pagar, ie por anticipado.

-¿A que hora logo podo vir?

-Ás dez.

-Ie co outro cura quedaron pras once. Tres curas aquela noite.

Bueno, deila un pouqín chega el paisano, el home dela.

Dixo:

-Mira, pasa esto: un vén pras nove; outro, pras dez; ie outro, pras once.

Así que tu ahora, enténdete con elos. Eu voume á cama.

-Bueno, tu cena e vai pra cama se queres. Ie dáme a min tamén de cenar ie bótame unha boa bota de viño.

Bueno, él cenou bien, a paisana marchou pa cama, él quedou alí esperando a que chegase o primeiro cura.

Íbanse acercando as nove, ie él venga a beber. I hale, ás nove, ¡pumba na porta a petar!

Él púxose detrás con un martelo. Según entrou o cura: ¡pumba!, ¡patas arriba! Morto o cura. Arimouo palí ie ¡hala!

Volveu a sentarse ie veña a comer ie beber esperando que chegasen as dez.

Cuando chegou o outro, fixo o mesmo co martelo: ¡plas! ¡patas arriba o outro cura!

Íasí fixo co das once; ie tres curas mortos en tres horas.

Despois había un loco nel pueblo ie taba morto de fame, el probe. Iel ferreiro chamoulo pra casa, pero escondeu dous curas ie puxo un á vista no medio da casa. Ie entrou o loco ie díxolle:

-Oye, vete tirar esto el riu, este animal. Pono ó lombo, ie despois de tiralo, douche de comer empanada, touciño, pan ie viño...

Io home que taba orto de fame, pois levou o cura al riu.

Ie mentras tanto el ferreiro púxolle outro cura eilí -como eran todos iguales, vestidos de negro ca sotana...-

Volve o loco ie dice:

-Bueno, xa o tirein

-Home, ¿cómo o ibas a tirar si está eiquí? Esto é que volveu, non o tira-che ben.

-Cala, que ahora hein tiralo nun pozo grande que sein eu, ie deilí non volve.

Colle al outro cura a l'hombro e tiroulo.

Mentras tanto, el ferreiro púxolle el tercero. Cuando volveu díxolle:

-Home, tu non tiras ben, porque mira, está eiquí ie está enxuto.

Ie dixo el loco:

-Hay que atarlle un penedo na cabeza pa que afonde, porque se non os cabrois saben nadar ie volven.

Atáronlle un penedo al cura na cabeza, ie colle el penedo iel cura todo praló, ie al riu.

Cuando vía de regreso pa casa del ferreiro a busca-la comida, pasaba outro cura que non estaba comprendido nel asunto.

-Dixo el loco:

-¡Ah cabrón, inda vas ahí!

Bota tras de él... El cura, como sabía que era loco, zapateiba que nin...

Escapou.

Ie máis nada. El loco foi comer donde el ferreiro, ios curas a beber auga.

**Informante:** Domingo González

**Idade:** 70 anos

**Localidade:** Balouta (concello de Candín)

**Escolma:** agosto de 1988

## Gorromochó

Era unha muller que andaba con un cura. Ie entonces o cura deu en chamar ó home daquela muller ‘gorromochó’. Ie tantas veces se cruzaba con aquel señor polo camín, como lle chamaba ‘gorromochó’.

Entonces o home dixo á muller:

-Eu non sein que lle pasará ó cura que hay muitísimo tempo que me chama ‘gorromochó’ cuando nos cruzamos no camín.

Dixo ela:

Eu qué sei por qué será. Pero se me levas a min ó recachín anda él, eu lle chamarein cuatro que verás tú como lle pasa a gana de che volver a chamar ‘gorromochó’.

E dixo:

-Pois lévote.

E bueno, colleu a muller ó recachín e marchou anda o cura. Ie entonces ela, cuando chegou, díxolle:

-Oiga, padre dos meus fillos, do máis pequechín e do máis medianín e dos outros casi todos, ¿quen lle mandou chamar o meu home ‘gorromochó’?

-Ay, señora, perdone, que nunca más se lo llamaré.

E despois de volta, polo camín, había un montón de lousas, e díxolle o home:

-Mira, estas lousas faciannos boa falta a nós.

E dixo a muller:

-Pois mira, damas todas pa riba que as levo eu.

Esí por este camín

Tú lévasme a min,

Eu levo as lousas

Ie así se compoin as cousas.

**Informante:** Alfredo Poncelas (61 anos) e Delmiro Pérez

**Localidade:** Vilar de Acero (concello de Vilafranca do Bierzo)

**Escolma:** outubro de 1990

## As cuatro fillas

Nun puebo de cerca eiquí vivía unha muller viuda que tenía cuatro fillas. Ie estaba muy preocupada porque as cuatro falaban muy mal.

Ela quería casalas, pero non as deixaba falar nunca dediante dos mozos pa que non se enteraran do defeuto que tenían.

Un día chegou o pretendiente da máis pequena, ia madre avisouas muito pa que tuveran a boca pechada. Díxoles que xa falaría ela todo o que fixera falta.

Estaban en conversación a madre io pretendiente cuando, de repente, salta unha filla:

-¡Mamá, o pote embosa!

-¡Quita a comporta! -responde outra.

-¡Métele a turumela! -dixo a terceira-

Ia outra, por non ser menos:

-¿!Non dixo madre que non falaramos nada!?

**Informante:** Luisa Rodríguez Nieto

**Idade:** 53 anos

**Localidade:** Vilaverde da Abadía (concello de Carracedelo)

**Escolma:** xuño de 1989

# AQUILINO PONCELAS ABELLA

(2.3. CONTOS DA NEVE)

Nado en Teixeira (Vilafranca), este mestre vive dende hai anos en Bilbao. Publicou, en edición bilingüe, Estorias e contos dos Ancares, editado pola asociación cultural 'Os Caroucos' en 1987, da que foi presidente; e O mestre púxose louco. A súa obra está espaxada por diferentes publicacións.

## A chegada da neve

Unha noite o meu avolico empezouse a queixar dunha perna e sentíralle que a neve andaba rondando. Era aquela perna infalible, sempre que oleaba un cambio de tempo acababa emprexoándose; ou condo se lle poñía a reuma quería dicir que o tempo andaba revoltado: tanto tiña unha cousa como outra. Inda o pronosticaba millor que o almanaque galego.

Ensoutro día apolamañá, desque eu io meu irmao nos levantamos á cociña, podemos observar dende detrás da galería como fóra seguían caendo sen parar zarrampallos como papouliñas brancas. Según a xente, aquel ano o inverno zampárase sen avisar, anque o meu abolico xa tivera advertido, e baixo a súa pelica de armiño, deixou acobilladas patacas, nabos e remolacha.

O inverno resultaba pra min a estación predilecta: era o tempo das matanzas, do esconderite polas barras e polas cortes, dos falopazos e de xistrar, tempo dos fiandois e dos seraos ó ax do lume nos que, acurrucados nos colos das abolicas, escutiabamos absortos estorias e contos de lobos, osos, mouros ou princesas de lonxanos países. Tempo de quentar as luadas nos corraís, ou de tapar na cama cabeza e todo, e permanecer eilí roxín sen bulir, entre as sabas, sabendo que fóra taba todo encantrelado.

Aquelas neves primeirizas foron recibidas con gran xúnilo por nós ie, a pesas de que á tardiña xa deixara de nevuscar, todo o chao quedara ben cuberto. Porriba da súa brancura inmaculada faciamos interminables olgas que se cruzaban zucosamente unha e mil veces.

Naquel recreo empezaron as batallas campais entre ninos e ninas. E foran tantas as falopas cimbradas que deixámo-los arredores da escola sen unha sola farraspa de neve.

Esa mesma tarde desque xa deixara de nevar ecamiñámonos un fatado de rapazallas e rapazallos á Capilla, que por atoparse nun pequeno promontorio dunha das ladeiras do vale, era o sitio máis ó xeito pra observala paisaxe. Ie eilí, no fondo do vale, a pé do ríu, que asemellaba unha cobra negra arrastrándose pola fariña, descubríase o noso lugar agazapado, cos teitos das casas cubertos de neve.

Nos prados e cortiñas había un pequeno farnusquín e máis arriba, onde o vale galla, como unha forcada, noutros tres, a neve iba ganando en espe-

sura. No vale do medio, ó fondo, levantábase como un xigante de pedra que se pretende librar dunha molesta mantela, Penarrubia.

-A ver quen chega as falopas máis lonxe -dixo un, ie aíí cada quen fixo a súa e empezamos a tiralas cara a abaixo.

Desque nos fartamos de rebincar, xa ben cansos, regresamos prá casa.

## A gatiña moura

Un día, pouco antes das vacaciois de Nadal presentouse onda min, con cara de preocupación, Neceto.

-Teño un problema na casa -confesou apenado- entereime que os meus padres tomarn o acordo de desfacerse da mixa Moura.

-¿Tas seguro do que dices? -confesein eu, sen chegar a comprende-las razóns que levaran ós sous padres a querer perder de vista á gata.

-¿Por que supois que xa non a queren con vosoutros?

-Dicen que a gata está preñada, e que como xa temos un, ben nos abonda, pois comerían o leite que se precisa prós xatos.

-Se por leite é, xa nos apañaremos entre todos -díxen-lle eu tratando de animalo.

A madre de Neceto levara, o día de antes noite arriba, ben lonxe do lugar, a gata metida nun mego. E pra que non soubera regresar acurruchoa cun manto. Pero a cuitadiña, asía a todo, cmo pudo atopou o camín de volta, é o ser de día plantouse na que cría se-la súa casa, moi allea ó destino que os sous donos pensaban depararlle.

-Esta mañá -proseguiu Neceto- escutiein ós meus padres comentar que se non había alternativaa, terían que metela nun saco e botala rú abaixo, como fixera a tía Rosalía coa súa.

En toda aquela mañá non fixemos máis que cavilar no tráxico final que á Moura lle esperaba. E como nós non acertabamos a descubrir unha solución ó problema, pedimos consello ó meu irmao.

-É preciso facer algo sen perda de tempo -apuntounos el- Pra comenazar, tan presto como a clase acabe, tu, Neceto, chégaste á casa e colle-la gata. En cuanto non, nós preparémoslle unha cama na nosa barra do Tesín.

Tiñamos nos eilí unha barra chea de herba e que por se-la traseira en gastar, non corriamos peligro de que a gata fora descuberta.

Trouguémoslle un maseirín prá comida e deixamos aquela gata grande, de pelo negro brillante e un certo aire de tristura no sou ollar, confortablemente instalada.

Os padres de Neceto, ante a desaparición repentina da mixiña, non sabían an que dicir e asta deron en pensar se non sería cousa de bruxas.

A Neceto, a min e ó meu irmao non tardaron en unírse nos outros da clase a axudarnos nas atenciois da mixa. Tal era a nosa preocupación por

curar dela que a sobriña do Regla deixou de constituí-la principal novidade. Fixemos un calendario de cuidados e comidas, anque raro era o día que non pasabamos cada un de nós a facerlle unha visita á gata.

Un dos primeiros días de vacaciois o meu irmao descubriu que a gata non taba sola: arrenque a ela bulían seis gatiños. A gata fora lista; parira nas vacaciois, condo máis tempo tiñamos pra curar dela. Outramente non nos podíamos queixar, tuveramos sorte. Deica arriba, a ración de leite e xixa habería que aumentala.

A gata cos gatiños formaban unha camada inseparable. Os primeiros días os gatiños non conseguían poñerse de pé e a alguís había que acerca-los onda os tetos da madre pra que puderan mamar. Acórdome de velos xuntiños, cos ollos zarrados e indefensos. Alguís dos máis ousados alutiaban unha e outra vez por poñerse de pé, e logo de tantos esforzos, enfuciñaban e caían a revolcos pola herba. Conforme o tempo iba transcorrendo víanse medrar. Rebrincaban unhos con outros e recibían encantados as carantoñas, os mimos e lambidas que a madre lles obsequiaba cariñosamente.

Os cachorros convertéronse en seis preciosos gatos, tres como a madre e tres raxados, sempre dispostos á gaiola e que se pasaban máis do tempo lavándose coas súas lambidas.

A casa empezaba a resultarlles pequena e tiñamos que sacalos de vez en cuando pola barra adiante. Mais por medo a que se nos pudesen sumir ou a que dexobasen a herba, non nos atreviamos a deixalos soltos sen naide que os velase.

Os gatos medraban e aquela situación empezaba a complicarse. Un día o meu irmao xuntounos a todos e dixo:

-Os gatos non poden seguir por máis tempo escondidos naquel furaco.

-De furaco nada -contestou un- anque xa resulta pequeno, eilí non lles falta de nada.

-É verdai que ós gatos non lles falta comida nin visitas, pero ¿non pensais que non é xeito telos pechados eilí sen poder ve-lo día?

-Tou de acordo -terciou alguén a favor do meu irmao-. Os gatos, como os paxaros ou outros animais, tein tanto necesidá da libertá como do aire que alentan.

-Eu tuven un pardal nunha xaula -explicou un-, e a pouco de collelo dou en non querer probar bocado. Un día amaneceu morto. Dixo o meu padre

que morrera de cobicia de ve-los sous compañeiros voando libremente polos campos.

Logo de muitas discusiois tomouse o acordo de buscarlles ós gatos donos cos que puideran vivir. Esto supuxo pra nós unha gran desazón, pois formaban parte da nosa familia, eran da casa, pero resultaba o millor prós gatos, e deso se trataba. Así que de curadores dos nosos gatos, convertémonos, mui a pesar noso, en buscadores de amos alleos.

Un colleuo o maestro, outro a súa sobriña, e polo que ós demais respecta, repartímolos por entres as nosas familias. O problema surxiu coa Moura: naide se quería facer reo dela. Logo dunha vida ó servicio dunha casa e dos donos, de traer ó mundo a non sei cuantos fillos, de murar centos e centos de ratos, e de pasar unha e mil calamidais, agora pretendían deixala no camín.

-Os nosos padres non poden opoñerse a que a levemos por veceiras - confesein eu doído e temeroso de que a gata quedase sen arimo.

E que non vía saída, que ó demais eu nunca houbera proposto esa solución, e naide aportou outra, así que a Moura de igual xeito que lles fai ós vellos que tein que pasar cada temporada cun fillo distinto, así a gata empezou aquela peregrinaxe de casa en casa. Escasí, non todo era pesar; de cuando en cuando puñíase mui alegre porque cuadraba con algún dos muitos fillos que botara ó mundo.

## Os contos do noso avolico

Un día o ceo encarontoñou. A tardiña escureceu de golpe, e o ambiente púxose frío e cru; premoniciois dunha gran nevarada. Efectivamente, antes de anoitecer baixaban os copos coa mesma lentitú que caen os obxectos en estado de ingravidez. Nevou e nevou sen descanso dous días e dúas noites seguidos. Prós rapazallos convertíase nunha auténtica festa: levantabamos muñecos, andabamos a falopazos e formabamos enormes balocos que botamos a relinchar polos sitios custos, e que iban engordando máis e máis coa neve que atrapaban ó sou paso, e que ó estrelarse con algo, desintegrábanse en mil cibicos e producían un gran estrondo.

Logo desta nevarada veu outra bacantada que deixou as casas medio sepultadas e os camiños á altura dos teitos. Os trousos acovullaron as portas, e pra saír ó camín, houbo que facer túneles pra furar entre a neve: pero desque se furaba o camín, non se podía andar porque se afondaba asta os cuadrís.

Homes e mulleres, provistos de palas e batedeiras foron trazando pola neve estreitas olgas polas que se puidera transitar. Ós máis pequenos non se nos vía máis que a cocorota condo nos perdíamos por entre aqueles laberintos. E por aqueles laberintos faciamos covas como se de iglús se tratara, nas que con lume e todo, pasabamos xuntos máis do tempo.

Durante aqueles días Cardadelos parecía unha vila fantasma. Csas, camiños, prados, cortiñas e murteiras deixaran de existir; non se vía máis que neve por todo el. Ata os paxaros, que non tiñan onde comer nin onde pousarse, viñan ós currais das casas, guiados máis polo que intuían que polo que vían.

Aqueles serás no larego a pé do lume, atizado con torgos que a cada punto estalaban ó queimar, non resulta endoado esquecelos. E de igual xeito que un repolvo da infancia nos acompaña pra sempre, así perduran en min aqueles imborrables fiandois.

Aguchados nos colos dos nosos avolicos aguardabamos, co alento contido e sen pestanexar, os contos que tan presto como nos transportaban voando a países exóticos, pousábanos nas murteiras pobladas de seres misteriosos ou nos estremecían cos sucesos reais, pero sempre cargados de imaxinación e beleza.

-Avolico, ¿que nos vas contar hoxe? -preguntou o meu irmao, avezados como tabamos a que sempre nos fixese causo.

O noso avolico tomaba un tizón di lume, acendíaa pipa, e mentres co seu dido furabolos iba encalcando no tabaco (¿nunca entendín por que non se queimaba!), daba grandes chupadas. Logo levantaba a cabeza e mirando cara ó canizo permanecía un pedazo pensativo.

-Anda, cóntalles dunha vez -intercedía a nosa avolica-. Non te fagas tanto de rogo.

-Avolico -insistín eu-, ¿por que non nos conta o caso do home ó que o oso lle baixou a pelica da cara ós peis?

E seguimos enumerando unha ristra cáseque interminable de contos que falaban de príncipes e princesas, mouros, lobos e cobras.

O noso avolico colleu a cachimba na mao e mirou ó lume. Nós quedamos quietiños e caladiños porque era o sinal do comenzo.

-Niniños -empezou-, hai muito tempo xa, daquela inda era eu un nino, acaeceu no lugar un orrovés que quero relatarvos. Antes as murteiras lindaban coas terras, e polo lado da Costa, chegaban asta arrenque ás casas; corzos, rebecos, xabariños e outros animais podía velos colquera namais con saír da prota pra fóra. Os lobos constituían visitantes habituais. Nunha ocasión un deles meteuse no pueblo atrás dun can, e contan que atravesou a cociña baixa do tío Bernabé adiante, tirándolle o pote do caldo que tiña ó lume.

Pero ó que ibamos..., o certo é que a alguis, sen saber por que nin por que non, dóuselles por queima-los montes. Tamén ardeu a Costa e, se máis é, prenden as casas, se non fora que aló acudiu todo o pueblo pra torna-lo lume.

Aquela primavera, que viñera mui chuviosa, a auga, sen vexetación que a arrebatara, baixou facendo cavorcos e arrastando pedras, terra e todo o que ó sou paso atopaba. Pois ben, por pouco arroia algúa casa. Aquelo convertérase nun presaxio, nun primeiro aviso.

Chegou o inverno e caeu unha nevarada das que a xente non se acordaba, como agora, das que faín época. E durante unha noite, mentres toda a xente durmía pracidamente nas súas casas, un ruído xordo sobresaltounos. Desprendérase unha inadia, e tras precipitarse ladeira abaixo, fui facéndose cada vez máis grande asta que adquiriu un tamaño enorme, máis de novecentas ou mil veces os balocos que vosoutros faceis, e impactou con-

tra unha casa. Eilí morreron dous pequenos do voso tempo, tres personas maiores, sen conta-la facenda que con eles vivía.

-¿E por que se siguen queimando os montes? -preguntein eu sen acertar mui ben a comprende-las razois.

-Vereis, meus ninos, hai xente pra todo. Entre nós existe inda muita ignorancia, indiferencia ou mala fe. Hai quen pensa que despois das queimas haberá máis pastos nos anos venideiros; pero a verdai é que coa desaparición das murteiras a auga menguará, e sen auga os campos enmuscharán, o chao empobrececerá e os frutos non medrarán. Pra que entendais millor: hai unhos anos alguén con muitas ganas de coller trutas, botou cálese no riu de Valongo, e morreron grandes e pequenas. Naide máis puido nunca pescar ningúa porque se descastaron. Fui comida pra hoxe e fame pra mañá. Algo parecido ta pasando coa queima dos montes.

Aquela noite deiteime pensando se non baixaría outra inadia e nos acobillaría a todos.

CONTOS  
DAS  
PORTELAS

Achegámoslles varios relatos das Portelas que foron publicados en ‘Os contos do xílgaro’, unha obra editada no ano 1992 polo Diario 16 de Galicia e coordinada polo profesor Xoán Babarro.

Os contos que escollemos foron escritos por Felipe Lubián, mestre e alcalde do concello de Lubián polo PSOE e membro das Cortes de Castela-León; Xavier López Rodríguez, xornalista e coñecido autor de literatura infantil e xuvenil (entre outros: Días de desterro (1996), O anano enredador (1992), A citación (1995), Linguas Longas (1998) e Brumoso (1998); e, por último, incluímos tamén un conto de seu irmán Pablo López Rodríguez.

# O LOBO NO CORTELLO

DE FELIPE LUBIÁN 'PIN LANRÉDA'

Aquela noute facía un frío de mil demoños. Asubiaba o vento nos gándaros. A lúa espellábase nas charcas encarouxadas. Pero na cova da loba había esa calor cheirenta que fai en todos os lares; os tres lobiños durmían quentes e fartos, rodeados polo corpo amoroso da mai co seu sarritán encorbado.

Pero pra que os lobiños durmieran fartos, a loba tiña que dar leite; e pra dar leite a esgalla, tiña que engulir outros alimentos. Por eso, unhas horas antes de vir o día, levantouse con todo o xeito pra non espertar a cuvilada, espurriu a soá e botouse fóra do cuvil.

Os tres lobiños quedaron feitos un gorgullo. Ó levantarse a mai, inda quixeron remosquexarse un pouco, pero seguiron tan durmidos como estaban.

Ela, a loba, nada máis asoma-la cabeza fóra, levantoua e cheirou en todas as direccións. Despois botouse a andar por un carreirón entre os piornos, cara a Corga da Orguiña, atravesou o río no Bedulo e subiu case a trote até o lameiro do Casar. Alí entretuvose furgando nas covas dos grilos e das ratas. Inda escarvou un pouquiño para ver de sacar proveito daqueles buracos, pero o lameiro estaba entourado pola xeadá e non había uñas que lle entraran.

Lambeu as patas dianteiras, doloridas polo esforzo, levantou a cabeza cara a lúa e pusose a oulear.

A aquelas horas o Toñín estaba deitado co tío Farruco, seu avó, durmido coma un santiño. O aire asubiaba na chimenea e fungaba nas gallas da nogueira. Abaixo, as esquilas e os chocallos daban unha badalada de vez en cando, ó rumiarse as vacas o móllor de herba que lle pusera o avó no luscofusco. Ouvíanse ladridos ó lonxe, pero o Turco -o can grande do Toñín- durmía calado debaixo do balcón, como si non fora con el a rifaría.

Cantou o galo. A Carmela tirou da manta pra tras, tapou ben tapado o Saro, que roncaba como un larego, meteu os pés nos zamancos e baixou á cociña con tanto xeito como a loba ó saír da cova. Prendeu o lume, como todos os días, cunha xesta seca e leña dos ramallos, e logo foi muxir á Garbosa.

O becerriño tiraba das tetas dun lado e saíalle un fío de leite polos cantos da boca. Das outras tetas saía un cichón branco e dereito que ruxía no cudo do cacharro cun son que alimentaba.

Logo abriu o poleiro. As pitas foron saíndo a comer a xaropa de farelos que acababa de amasar. Puso o leite a ferver, e o ruído dos cacharros foi espertandoa xente da casa. O Saro colleu o camiño da pallarega pra ata-la herba, mentres o rapaz e mais o avó entreron na corte pra aparta-lo becerro, que o amoxo da Garbosa non é de ferro.

Ó chegar ó Penedo do Barreño, a loba lambíase coa fame. Era xa de día, pero non achera inda nada consistente que botar ó bandullo. Bebeu un golo de auga na fonte despois de aparta-los lumiacos coa punta do fociño.

Cando os primeiros raios de sol se espeteron no seu lombo, a loba deitouse nunha carqueixa pra empaparse dese sol da mañá, matador de xeadas. Volveu a lambe-las patas dianteiras, doloridas inda de tantos andares, e logo pusose a rebechar na carqueixa, pondo ó sol a barriga amoxada que agradeceu a calorciña como si fora unha caricia.

Tosquenexou. Casi quixo quedarse adormecida. Pero algo veu polo aire que lle fizo arruga-lo fuciño. Abriu os ollos, espurriu as orellas e concentrou todo o seu ser naquel bendito cheiro que comenzaba a enchelo todo.

NO lombeiro do Teixo andaba o magote. As ovellas, todas xuntas, rañando nun lameiro. As cabras, espaxadas entre as uceiras mordiscaban os primeiros brotes primaverais.

Hoxe había dous pastores. Millor inda: tres. O máis vello iba a cabalo dun burro. Era o Toñín, o seu avó e mais o burro.

O vello, sempre fumando tabaco de cuarterón, daba ordes ó can de careo pra que o magote non se esparagallera máis.

O Toñín e mais o Turco andaban embabecados, un ladrando e o outro berrándolle ós pastores de Chaos, que andaban co magote no outro lado do río.

66 ¡Zamarreiros! - era o que berraba o Toñín. E a palabra resoaba multiplicada polo eco dúas, tres e máis veces.

Zamarreiros chamanle ós do lugar de Chaos. É a súa nomeada. Os de Lubián son os lobos, porcos ou porquichos os de Hedroso, polichos ou polos os de Acibeiros, e cais os de Padornelo.

-Zamarreiros de Chaos!- non paraba de berrar.

E un dos pastores do outro lado, que tamén era rapaz, plantouse cara este lado, empertigouse pra tras e voceou con todas as forzas:

-Os lobos de Lubián  
comen a xixa sin pan  
e non beben viño  
por non molla-lo fociño.

Aquelas palabras de lombeiro a lombeiro, mais os chocalliños das cabras, o ladrar gañío dos cais de careo e o ronco ladrar dos cais do lobo, todo misturado coa eterna cantiga do río e os cantos da carrixa, da merla e da callandra, enchían de vida aquela mañá soleada dos últimos días de marzo.

O magote foi subindo ladeira arriba. Bebeu auga no porto da Fornalla e pasou o lombeiro da Porfía.

-¡Arrodea, arrodea, cabra fea!-empezou a cantar o Toñín mentras o tío Farruco baixaba do burro.

Mutas ovellas deiteronse. O can de careo -Chinito- iba de eiquí pra alí, o redor do magote, manténdoo xunto e quietiño nese sopor da fartura. O Turco, deitado á sombra dunha xesta, rañaba unha codia de pan duro.

Era o intre de comer os pastores. O tío Farruco atou o burro nun escáncer cunha reata larga pra que o animal tivera alcance a todo o lameiro que rodeaba aquela fonte.

Naquelas comidas de monte o avó falaba sin parar ó neto, contandolle cousas dunha vida que viña xa de outro século.

-Nós non xogábamos a dar pinotes a esa cousa de goma que chamais balón, como vós, que sempre acabais coas canelas esfoladas pola punta dos zamancos. Nos xogábamos a xogos de verdai: ó birlo e á billarda. Eu sempre tiña o mellor palán, e aquel birlo saía fungando como cousa que leva o demoño.

-Cúnteme outra vez o que fizo cando era rapaz pra que lle saíra a barba.

-Eso sí. Antes éramos máis parvos que vós. Porque o da barba a vós si que non vos pasa, non.

-¿E logo como foi?

-Eu andaba xa con ganas de ter barba. E dixome un vello coma min, pero dos de entonces, que pra adiantar a saída da peluxe non había cousa millor que enxarnar as queixadas coa suor dos collois dun burro.

O avó miraba pra entreperna do burro, que comía alleo á conversa, e coleaba recordando a súa nenez.

-Pois collí o burro na chaira da Veiga e pasei unha tarde a galope tendido, do Poulón ás Coruxeiras; das Coruxeiras ó Poulón. Aquel burro suaba por todos os lados, casi rebentado. E eu, tonto de min, mollaba as maos naqueles collois, e veña enxarnar as miñas meixelas con aquela suor que se misturaba coa miña. Parecíame que xa os cañotos da barba me rascaban nas palmas das maos. Pero ó mirarme no espello que facía a auga da poza das Coruxeiras, eses cañotos non estaban máis que no meu maxín.

-¡Que risa! Señores e señoras: ‘Loción capilar Cataplín asnal. A mellor loción do mundo’.

.Búrlate do teu avó, que non sabe nin ler. Pero aqueles eran outros tempos, e sabíamos xogar. Non nos embabecábamos con esa buraca tonta que chamais televisión, nin dando pinotes a un calabazón.

-¡O lobo! ¡O lobo no magote! ¡Ai, meu avó, que se leva a godalliña que botemos hoxe por vez primeira ó monte!

-¡Anda, Turco, bonito! ¡Anda con el! ¡Oeu, lobo, oue!...

O Turco ben corría tras da loba. Pero ela soubera aproveita-lo millor intre pra atacar ó magote, e xa non parecía haber xeito de evitar que fuxira coa godalla.

A loba levaba o rixelo ben collido polo colo. Deixera de ouvir iba un rato os berros da xente. Pero o demo do can branco, mais grande inda que ela, ese inda viña alá abaixo. Dou unhas voltas ó redor dun carballo, e seguiu polo regueiro do Canizo, sempre costa arriba. Cortou logo pra os tornos, e

Corga da Orguiña abaixo pasou o río. Subiuse ó alto dun penedo desde onde mirar toda a ladeira. Viu ó can, que inda viña seguindo o seu rastro, polo que sin descansar volveu a colle-la gdalla e perdeuse polo regueiro de Carros arriba.

Dous días tardou o can en volver ó lugar. Viña sumido de fame e tizonado das arroxas. Nos ollos, a tristura de volver baldeiro.

Chamábao toda a xente do lugar:

-¡Turco, bonito! Anda eiquí, valente...

Dabanlle codias de trigo e de centeo. E até uis bofes de viltela lle botou o carniceiro. Todos os rapaces pasábanlle a mao polo lombo, eso que inda non facía oito días que lle prenderan unhas latas no rabo.

Pensaba o Toñín que inda merecera a pena perder unha godalla, polo respecto que ganou o can.

Naquelas estaban cando as campas toqueron ó acordo.

A xente foi chegando á praza do Concello: vellos encurriachados polo tempo, homes feitos e dereitos, e unha bandada de rapaces correndo entre os homes, facendo máis bulla que unha cairería.

O pedáneo tirou da gorra pra tras, pasou a colilla pra un canto dos beizos e berrou:

-Presten silencio. Os rapaces, a rascala por aí.

Os meninos saíron correndo, levando a súa xoldra lonxe do Concello.

-Como xa saben todos, o lobo volveu ás andadas. Hai que ceba-lo cortello.

-O camiño do Casar, desde o Barreño, está cheo de piaxes. Habíamos de facer un rastro cunhas esquitas desde o barreño ó cortello.

-A min estame a parir a Roxa.

-Non imos estar agardando a que para ningunha vaca. Eu douvos un ventre ou dous mais unhas patas de vitelo -ofreceu o carniceiro.

-Empezamos a volta polo Churrián -dictou o pedáneo.

Aquel mesmo lusco-fusco, ó vir a res, colleu a tía Filipa, que vivía no churrián, o rixelo máis tiñoso que tiña, e subiu até o cortello pra o cebar.

O Cortello dos Lobos é un corral de paredes abovedadas de tres metros de altura e trinta de diámetro. Ó estar feito na ladeira, pola parte de arriba o cimo da parede está ó ras do chao de fóra; pero por dentro hai máis de dous metros e medio de altura.

A tía Filipa deixou aquel rixelo mal criado no Cortello atado no salgueiro do medio, pechou a porta de ferro, e baixou polo Calvario a face-las voltas da casa que naide facía por ela.

As noutes de abril espantaron ás xeadas. Agora son noutes amorosas, cheas de chuva preñadora de árbores e lameiros.

Os lobiños xa xogan entre eles. Polo día asoman se á buraca do cuvil enchendo os ollos de luz e o nariz de mil cheiros. A loba pasa cada día máis tempo fóra. Leva xa tempo sin pasar fames: comera famenta aquela godalla roubada na Porfía; logo cacera tamén un coello e mais unha corza vella, máis dura que os pés dun santo. Despois volveu a baixar polos camiños á percura dos magotes; pero había que ter lonxe ó diante de aquel can branco de tan más pulgas que andera dous días co fociño pegado ó rastro dela.

Unha noute achou tripas e patas de vitelo espaxadas polo camiño e polo monte adiante. Non che era de fiar, meu rei; pero había que enche-lo bandedo. Xaar estaba difícil: os homes xa acabaran con casi todos os animais do monte. Así que foise avezando ó lambedeiro, cada noute máis perto do cortello.

Polos mediados de abril estaba a loba mondando unha canela de becerria onde a fonte da Carballa Seca. E o aire do sur levoulle un cheiro de vida até o nariz: cheiro cabrume.

Andou camiño abaixo; e cada paso que daba o cheiro medraba sin cesar. De supetón ouviu un balido, logo outro e mais outro.

Acercouse pouco a pouco, sin présas, rodeando carreiros, até a mesma borda do cortello. Alí había un cabritiño, ben esmirriadiño por certo, no fondo daquel corral tan doado de brincar.

Non o pensou máis: nin cheiraba a can, nin a home. Só a rixelo. Así que alá foi. Saltou. Dunha bocarada segoulle o pescozo ó cabrito. Sin pararse, agarrou polo lombo e fuxiu cara o cimo do cortello; non había saída por alí e a parede estaba moi alta e deitada pra dentro. Correu todo ó redor unha, dúas e máis voltas; pero non había xeito de se botar fóra.

Pousou o godallo entre as xestas pra por todos os sentidos na fuxida. Dou brincos con todas as forzas, encarriscou pola parede; pero todos os intentos acababan nunha pincha-carneira, e sempre pra dentro.

Convenceuse de que non podía saír, e deitouse onde o salgueiro do medio do cortello, sin folgos xa pra tenta-lo de novo.

Ó vir o día volveu a brincar, pero aquela parede vencida pra dentro, sin principio nin fin, sempre a puña de cu no chao.

Viña o Manoliño pola escarramana arriba cunha ovella vella pra relevar ó godallo da tía Masimina. Inda o sol non se subira ó alto dos Poulos pra se asomar.

Parouse de supetón: ouviu tumbos no cortello. Atou a ovella a unha uceira e foise correndo até o cimo. Alí estaba a loba babexando, brincando, estoupando o peito contra os penedos e o sarritán contra o chao.

E non mesmo intre de vela xa comezou a berrar:

-¡O lobo no cortello! ¡O lobo no cortello!

As voces baixeron até as primeiras casas do lugar, foron de porta en porta, de ventana en ventana, de boca en boca polas rúas. O Xé foi correndo ás campas. E o son das campas encheu todo o val, desde a Escarramana á Penagueira, desde a Canda ó Padornelo.

-¡O lobo no cortello!

Subían mozos polo Souto da feira. Subía xente polo Calvario e pola Escarramana.

-¡O lobo no cortello! -eran as palabras máxicas que facían ferver daquel xeito toda a vida do val da Tuíza.

A xente levaba ferramentas: espalladeiras, garapios, aixadas,...

Rodearon o cortello de pé encima da parede. A loba acobardouse: sin alento, deixou a tarefa de brincar e pegou se contra a parde mirando de reollo pra todos aqueles homes que viñan por ela.

Os máis botados pra adiante brinqueron abaixo coa espalladeira na mao. Forona rodeando. Ela regañaba os dentes con cara de poucos amigos comprendendo que nada podía facer contra aquela cairería de homes.

O Xico espetou a súa espalladeira contra a parede amanadando o pescozo da loba entre dous gallos. Ela movía as patas, o lombo, o rabo; pero non podía move-la cabeza. Só regaña-los dentes e rosmar, pero nada máis.

O Piño meteulle un cañoto na boca. A loba cravou os dentes con toda a súa forza nel. Pero non pudo pechala de todo. Nin volvela abrir por culpa do pao. Puseronlle un cinto ó pescozo e amarreon o pao da boca cun cordel ó cinto. E cunha reata como ramal, comenceron a tirar dela.

Abriron a porta de ferro pra saír do cortello. A loba baixaba a rastras por non querer andar. Os mozos de diante, tirando da tereixa; os máis vellos detrás, falando coa loba:

-Filla de mala mai. Non has de catar xa máis xixa.

-Imos sacarte o pelexo pra un pandeiro.

-Estás amoxada; pois os teus cachorros xa mameron o que tiñan que mamar.

-¡Demo de loba!...

Na carretera saiu xente de todos os calicheiros. Coma unha procesión iba aquel magote de xente polas rúas do lugar. Unha cesta grande ibase enchendo de ovos, chourizas, patatas,... todo era pouco pra compensar ó amo do rixelo sacrificado aquela noute pola loba.

Deron a volta ó lugar, e meteron a na corte do Xabrés: mañá irían con ela a chaos e ós outros lugares do municipio pró veciño que perdera un cabrito pra coller ó demo da loba.

Pero as noutes son moi largas. A nosa loba non pudo resistir tanta tristura, e quedou sin vida, deitada encima do esterco.

Xa no mes de maio subiu o Toñin co seu avó e mais o burro -eran as pernas do avó- a relevar ós vaqueiros á serra. Como tiñan catro vacas na vacada iban estar dous días de vaqueiros.

Era o avó o home que máis sabía da serra. Non en valde fora vaqueiro polo torresmo máis de trinta anos. E hoxe é o día que pode ensinarlle ó neto os nomes das malladas, os carreiros, as chozas, os careos millores pra vacada,...

-Nesta mallada de Lagarellos estornudei un día por atrás, xa de madrugada, e espantei a vacada...

-Sería entonces un bon estalo.

-Estourou como tiña que estourar. Así. -levantou a nádega do lombo do burro, pero hoxe xa non espanta vacadas: o tempo non pasa de valde.- Ando xa floxo de remos rapaz. Pero os venenos hai que botalos sempre fóra do corpo, estouren como estouren. Mira: eiquí saínuos o lobo unha noute pechada. O saír da choza vi o vulto pasar como un alustro. Tireille a machada con rabia. E á mañá, ó busca-la machada, vimos que tiña pelos e sanque. De alí a oito días dixeronnos os vaqueiros de Porto que acheran un lobo morto cun corte profundo no vacío, por diante da paleta traseira, a casi unha legua de eiquí. Foi bon o tino, ¿eh?

-Foi.

-Viña a mallada á percura dunha becerriña que nacera aqueles días. Pero non lle quedaron máis ganas de volver. -os seus ollos nunca perdían de vista á vacada- Dálle a aquela punta de vacas pra diante. Hoxe imos pra Patís.

En Patís ceiberonse as vacas nun outono que alimentaba ó mira-lo. Ó mediodía estaban a mór parte delas deitadas, rumiando.

Acaberon de comer os vaqueiros unhas trutas que collera o rapaz debaixo das pedras no regueiro de Lagarellos de Medio. Boteron unha pinta da bota, e quedaron deitados á sombra dun escáncer.

O avó nunca paraba de falar. Sempre foi un contacontos incansable.

-Ás trutas así, cunha area de sal, untadas de touciño e cunha tallada na barriga, non hai manxar que as iguale.

-Usté non as sabe coller.

-¡Ca! Nunca fiu amigo de molla-lo cu. Eu son home de terra. Pero no prato, ou encima do pan, cólloas coma o máis lindo.

Cambiaba de conversa a cada pouco, sin que houbera a mór parte das veces razón algunha pra cambiar.

-Alí arriba, naquelas fragas, hai unha cova. Cando chove na serra, hai que saber de todos os lugares onde te podes amparar, que eiquí, cando se lle inchan os fociños ás nieblas, non hai quen pare sin amparo.

O Toñín subiu até a cova sin présa. Saía pola boca un cheiro espantoso. Inda así, meteu a cabeza, chiscou un misto, e dúas bágoas baixeron polas súas meixelas sin poder remedialo.

Alí había tres lobiños de teta fríos, cheos de vermes, cheos de cocos. Baixouos até o escáncer. E o avó coleou varias veces a cabeza.

-¡Cuitadiños. Co bonitos que eran...!



# O ATADALLO DO CORPO

DE PABLO LÓPEZ RODRÍGUEZ

-¡Marchando un prá señora de Angúlez -berrou a enfermeira, ó tempo que lle puña a pinza. Ia a secretaria, ó pé dela, tecleou nunha máquina de escribir tan vella que ta-ta-tatexaba de escangallada:

“Facemos entrega, á abaixo firmante, señora de Angúlez, dun rubio, de tres quilos e medio de peso, co número trinta e tres”.

-¡Veña, outra máis!, berrou de novo a enfermeira, desenquieta, ó ver que a cola de espera chegaba casi asta o fin do pasillo.

Ia é que, nas capitais, as cigoñas non dan feito. Desde que se converteron en formigueiros de xente, coas casas amontoadas unhas enriba de outras, a mór parte das zancudas fóronse declarando en folga de alas caídas.

Dicíanle á mandamais que non, que así non estaban por face-lo reparto. Ó se-las vivendas todas iguais era un lío macanudo rete-las direccions, ia confundíanse a miúdo. Ademais, había que facer complicadas maniobras pra situarse na ventana escollida, que por certo, casi sempre estaba pechada. Peligraban tanto elas coma os envíos. Desde que as casas deixeron de ser dunha planta, con corredores, aquilo era un traballo para aviadores desen-

voltos. Por outro lado, tampouco estaban a gusto nos seus poucos de xoldra. Un rigueiro de coches arrenegados, ruxiando ia chiando de día ia de noute, parecía raña-los lizaces das torres. Non se achaban seguras. Moles de edificios color marrón creceron de repente ia deixeron as torres pequenas. Xa non eran as amas das alturas. Non podía pórse de parola coas súas veciñas sin alzar a voz máis da conta: o tono ambiental era un varacoteo desafinado que se opuña a cualquier conversa.

Tampouco podían dedicarse ó seu pasatempos favorito: facer de veletas. Pórse de costas ó vento ia disfrutar da súa caricia a repiapelo. Ó quedar as torres escondidas eso era imposible.

Malcontentas por todo, a mór parte delas marchou en desbandada. Levanteron o voo nunha emigración definitiva cara a terras máis tranquilas. As poucas que quedaron, sabedoras da súa impotencia pra levar adiante o seu cometido, chegaron a un trato coas autoridades: levar todos os meninos ó hospital ia arranxar uis estantes con mutos caxois, parecidos ós ficheiros das oficinas. Alí os poin á noutiña ia, prá outra mañá, por rigurosos turno, as enfermeiras faian entrega dos pedidos ás mais.

Nós, cuando nacemos, traemos un fíu, coma o dun zapato de longo, máis ou menos, colgando na barriga. É o cordón do embigo, por onde nos engarra a cigoña. Se non fóra por el, as brancas patas longas das capitais terían serios quebradeiras de cabeza pra levar aidante a súa misión. Se tuveran tempo pra transportar os meninos un por un, poderían facelo dunha maneira máis galante. Agarrados por unha orella, un polo dedo groso dun pé. Mais como non dan feito, tein que facer uso do seu sentido práctico, ia cólleos polo cordón. Desta maneira, unha cigoña esparmentada pode levar asta sete de cada remesa: tres no pico ia dous en cada pata.

Ese colgadeiro, despous, hai que amarralo dalgunha maneira. Igual ca ó acabar unha chaqueta de lá ou un carpín hai que rematar ben o último fíu pra que non se desfaga todo, tein que atarnos o cordón pra que non se desenvolva todo o tinglado que temos nas tripas. É algo así como o noso remate do corpo. Nos hospitais, as enfermeiras prenden os embigos cunhas pinzas semellantes ás da roupa. Non tein tempo de facer outras ataduras, porque as máis perden a paciencia na cola. Despois, a piza e o bocado de cordón sabrante, cain, ia sólo queda un botonciño inútil: por máis que se le tope, non sirve pra nada.

Sin embargo, nas casas do monte ia nos pequenos pueblos é doutra maneira. Alí, desde que escaparon espantadas das capitais, axúntanse unha

caterva de cigoñas traballadoras, ia o reparto faise de porta en porta. Tamén se ten máis cuidado co atadallo do embigo, que se converte nunha cerimonia. En algúis sitios, o alcalde escolle a un encargado pra estas cousas, ia procúrase facer un nó que non sea doado de imitar, que distinga ós nacidos no lugar cuando vaian nadar i o expoñan ó sol i ás miradas curiosas.

Por suposto, respétase a iniciativa das familias, se existe. Hai pais ia mais que aproveitan a ocasión ia remátano de maneira que sea proveitoso pró adiante. Ou simplemente procuran deixar nese sitio un adorno chamativo que decore a barriga. Ás veces átano axustado á punta, ia queda así longo nastante para usar de cinto en caso apurado, ou de cordón pró reló. Alhunhas máis cursarias no arte de facer estraños peinados, dóblano ó medio ia fainle un nó, deixándoo coma unha trenza do pelo. Tantiño máis delgada, máis lucida.

Mais tamén hai casos como o de Rosiña Rosón, inda máis curiosos. A súa mai, a señora de Rosoón, estaba bastante arrenegada coa cigoña que facía o reparto da súa barriada. Xa por dúas veces le dixera ben claro que quería unha menina. A segunda, por escrito, ia nas dúas ocasións se confundira. Despous de bordar toda a roupa de color de rosa, tróugole rapaces. A entrada tiña má vista, ia como, ademais, arranxan os encargos de noute metera a para de má maneira. Mais como á terceira casi sempre vai a vencida, esta vez acertou, ia un día a señora de Rosón achou unha bonita rapaza nun canto do corredor, ó levantarse.

-¡Recibras! ¡Recatanos! ¡Pendois ia escapularios! ¡Ó fin! ¡Ó fin acertou! -dixo o pai, louco de contento ó vela, ia empezou a dar saltiños ó redor do berzo. Ia despous abrazou á súa muller ia seguiron facendo o canguro a cuatro pés un bon pouco. Logo, calmados, acordéronse de que era preciso atarle o embigo, ia a mai buscou unha conta de color de rosa ia anudóua con xeito ó cordón, deixándoa en forma de lazo.

Despous, ó cicatrizar, a cinta quedou amarrada entre a xixa, ia transparentaba coma se a pel fora de cristal. Ia cuando Rosiña foi crecendo ia empezaba a gustarle pórse guapa, nunca quixo que a súa mai le ficese lazos no pelo, como tiñan as outras meninas. Eso si, en todos os seus chaquetos e vestidos facía un buraco mui redondiño, á altura da barriga, pra lucir o lazo do se embigo.

“O meu é máis bonito”, dicía.

# OS LAREGOS ERAN...

DE XAVIER LÓPEZ RODRÍGUEZ

Houbo un tempo en que toda a  
Lectura se facía en voz alta.  
Aprendeuse despous a ler  
Polo calado.  
(Gonzalo Torrente Ballester)

Ia despous díxonos que en adiante nunca máis. Que da outra maneira, encima, resultaban de mór interés. En vez deler podía estar noutros mundos. Inventando. Inventándose millor, máis forte, guapo, valente. Saltón no vrao en algún sitio sin páxaros. No inverno gato á calor do lume. Non se podía facer eso movendo os morros. Sólo le viñan á cabeza tontadas.

Mais lendo polo calado estaba esta noute Nico cuando entrou o noso pai con cara de ter pucos amigos, como aparece sempre. Anque a miúdo vémolos mostrarse gracioso ia ocorrente cos veciños, ia da mesma maneira cuando ven a ernos alguén de fóra. Ás veces preguntámonos se le custará muto traballo vesti-la má estampa de portas adentro, Eso de cambia-la

sorrira i o conto polas cellas xuntas. O caso é que entrou o noso pai con menos amigos que nunca na cara ia preguntou:

-¿Que hai prá cear?

A nosa mai estaba cabreada porque tardera tanto en chegar, ia pasera xa a hora de deitar a Beni, ia todos nos queixáramos de fame, ia non le resulte-  
ra nada doado manternos separados do caldeiro das castaña, máis ca asadas, chamuscadas.

Ó millor, o noso pai caera coa xeadá: quén sabe se ó subir pola aira resbale-  
ra ia ¡plaf!, porque traía as maus lixosas. Ou quizais sólo perdera a partida ó tute. Paga-lo café dos contrarios ia aguantar con boa cara a chacota tampou-  
co debe se-lo millor remedio pra subi-lo ánimo. Así que sentíase obrigado a enfadarse porque a comida inda non estaba na mesa prá poder dicir que estaba fría. Sin duda non se parou a pensar que houbera sido máis cómodo esperar a que la serviran prá protestar porque estaba quente demais.

Mais a nosa mai si que non estaba pra lerias, de modo contestou:

-¡Verzas!

Que era o que menos le gustaba ó noso pai, ia por eso casi nunca as comí-  
amos. Anque a verdai é que no pote había garbanzos. O noso pai non quixo crer en tanta má sorte xunta nun día, ia foi a levanta-la tapadeira ia queimouse. Ia nosa mai riu coa risa que todos empleamos despous de pre-  
parar unha broma que xa consideráramos de mao gusto antes de que surti-  
ra efecto.

Ia Nico, pra poder concentrarse ou simplemente pra fuxir da discu-  
sión que se aveciñaba, deixou de ler desde o silencio da cabeza ia utilizou o bisbiseo das vellas beatas, ia de repente a voz irregular do nerviosismo cabreado: “Os laregos eran m...”

Ia foi cuando pasou.

A nosa mai agarrou a tapadeira da pote coas faldas do mandil ia coa cace-  
ta remexeu o caldo, máis ó quitalo do lume queimouse ia escapouse un carallo redondo, ia Beni riu, i o noso pai tamén, ia casi nos quedamos sin cena. Ia despous a nosa mai i o noso pai miréronse ia ríronse xuntos ia xa eran amigos. Ia Nico igual pensou entonces: “Son coma xente grande”, anque non dixo nada, preso como estaba naquela condenada m... Quizais non o pensou. Seguramente sólo o pensemos nós. Ou igual tampouco.

-¡Despous non quererás cear! -dixo a nosa mai, ia quixo abrirle a boca buscando algunha porquería masticable que non había. O noso pai

quixo axuar ia Nico desfacíase en muecas, nun vano intento de explicar algo que doutra maneira tampouco podía.

-¡Todo pola túa culpa! ¡Tiña que herdarte esa boca de burro que teis!

¡Agora vainle a quedar os morros pegados!

-¡Anda que logo a ti desde logo non se te pegan! -defendeuse o noso pai- ¡Porque como nunca paras de falar!

Ia Nico seguía: “M...”, coma negándose a comer dun prato que non le gustara, ia despous nunca soubo dicirnos en que palabra se trabucara, porque no medio do apuro o libro caeule ó lume ia empezou a arder, ia a nosa mai chegoule un mosquito:

-¡Eso, agora quéimao! -ia dun zarpazo sacouo das brasas- ¡Coma se se conseguiran cavando nos barreiros!

I o noso pai saiu en defensa de Nico:

-¡Había que queimalos todos! ¡Gánase máis indo de vaqueiro!

Ia se a nosa mai nos chega a mirar daquela maneira houbéramos caído de costas:

-¡Por algo saíste tu tan listo! -espetou.

Así que, por se acaso, non nos atrevemos a intentar apaga-lo libro, que seguía ardendo no medio da lareira.

Non antes de ver se se puñan de acordo. Ia, ademais, xa era inútil.

De modo que nunca pudemos saber se os laregos eran morenos ou maliciosos ou malditos. Malagueños, magros, magos ou maestros en más artes. Maduros, máis pequenos, mamois ou magníficos. Mal alimentados, mal falados, murmuradores, manipulados ou maniáticos. Marcianos, marraos, masoquistas ou meditaundos. Ou ó millor mentirosos, mineiros, mediodondistas, modestos, mordedores ou mesmo mudos. Tampouco importaba muto.

Mais a nosa mai i o noso pai seguían discutindo, ia Beni era a única que non parecía darse conta. Arrimouse a Nico, tiroule da manga ia dixo:

-Cuando tu seas pequeno i eu grande, tu falarás i eu sólo falarei m... ¿si?

Ia Nico unicamente contestou:

-M...

Ia Beni insistía:

-¡Si! ¡Si, si, si!

Ia Nico miroua, mais non debeu de vela, porque xa non dixo nin m...

Entonces cheiremos a queimado ia vimos a gata pequena polo aire. Cun bufido que parecía berro de rapaz pequeno. Queixouse como cuando a gata grande le da unha zapaldrada prá quitarle un bocado de xixa. Mais ca medo ou rabia, incompreensión: porque tuvera fame, porque era a súa mai ou porque sabía que ó pouco tempo íbale traer un rato vivo pra que xogara un pouco antes de zampalo. Mais agora, antes de chegar de novo ó chao, recibíu de cheo na barriga un puntapé da nosa mai, que non era coxa, así que doutro brinco colouse pola burca que dá ó corredor ia desapareceu sin esperar a máis razóns. No inverno gato á calor do lume, non. Millor pote acugulado: sempre quente ia sempre comendo.

Claro que non debía preocuparnos que Nico nunca máis despous recordera o que eran os laregos, porque podíamos estar nese momento inventando un montón de combinacións igualmente satisfactorias. Que os laregos eran magros porque sólo querían comer espárragos con canela en rama, ia estaban, polo tanto, mal alimentados. Eran mineiros mentras non les ferraban o morro, marraos -ia, polo tanto, morenos- fora de domingos ia festivos, ia macanudos mordedores de orellas de veciño á hora de disputa-la manducatoria. Malagueños, non: quizais de Mondoñedo. Si, masoquistas, sempre querían que os matarán, mais nunca conseguiron verse mortos máis dunha vez na súa vida. Porque non eran gatos. Podíamos estar xa pensando en lareguiños que se quedaran mudos por mentirosos ou murmuradores, ia víanse obrigados a entenderse mediante guiños dos seus miúdos ollos pícaros. Podíamos, se non nos preocupara ver inda a Nico m... que m...

O noso pai decía que un xarro de augua fría. Que era unha contracción muscular ia que así arregláriase correndo o problema. Ia a nosa mai quería botarle o xarro de augua na cabeza ó noso pai, pra ver se así deixaba de dicir barbaridades, dixo.

-¡Esto é un aire que le dou ó abrir tu a porta! ¡O millor remedio é unha compresa ben quente!

Ia o noso pai xa dicía que un aire era o que debería levar á nosa mai pró outro barrio, i os berros prometían subi-lo volume por momentos, mais entonces Nico ergueuse ia dixo moi baixo:

-M... erda.

Ia a todos nos pareceu un arrulo dos que poden deixar xordo a calquera.

“Menos mal”, dixeron ó mesmo tempo o noso pai i a nosa mai. Ia nós pensemos: “menos mal”. Ou ó millor non.

Ia foi nesas cuando Nico dixo que nunca máis, que ler, coa cabeza. Que se excomulgaban mutos peligros. Ia como o caldo xa estaba frío de todo conviñemos que non nos apetecía ia puxémonos a esbulla-los bullós, ia incluso xoguemos todos a pares i a nones co noso pai. Mais nada cambiara nese aspecto: seguía facendo trampas de maneira descarada. Se dicíamos nones ia na súa mau había nones arreglábase pra partir unha castaña coa uña do dedo groso ia xa enseñaba pares. Ia se dicíamos pares ia acertábamos pasaba outro tanto ia na súa palma aparecían nones. Así que el sempre comía os seus bullós ia nos tíñamos que esbulla-los nosos, porque non le fallaba a memoria nin a artimaña.

LITERATURA  
EONAVIEGA

Desde finais do século pasado véñse facendo unha literatura modesta máis cada vez máis puxante na Terra Eo-Navia, usando, nos máis dos casos, o galego local. Os autores, que teñen quedado moitas veces fóra das antoloxías por ser asturianos, non tiveron conciencia moitas veces de escribir en galego, mais a literatura galega debera ocuparse deles.

Nos comezos máis que de literatura creativa neste momento cómpre falar do uso literario do artigo en publicacións locais (o máis importante: El Castropol), onde ás veces aparecen tamén poemas ou narracións de marcado sabor local, habituais desde o comezo do século XX ata o estoupido da Guerra do 36, e coma elementos de uso partidario. Algúns nomes: Manuel Fernández García (Serantes 1888-?), Pedro G. Arias (1877-?) e José de Villalaín (Navia 1878-Salinas 1939). Cada un escribe como lle vén en gana, ficando á marxe das tendencias estandarizadoras que existían en Galiza e en Asturias.

No período franquista a literatura eonaviega sufriu o mesmo retroceso na creación que o resto das áreas con lingua propia, pero certos autores contiñúan a tradición encetada mantendo un cultivo do poético no galego local que non terá, loxicamente, as connotacións sociais e políticas anteriores. A temática será de canto á terra e unha manifestación da señardade cando o poeta se está lonxe da terra natal. No estrictamente literario, novamente a poesía é o único xénero importante. Autores a destacar: o boalés Benjamín López, e Daniel Vargas Vidal, orixinario de Tapia de Casarego. Haberá que agardar aos 80 para a volta da literatura máis viva.

Desde 1975 as circunstancias mudaron. O Eo-Navia non é alleo a ese acordar que se dá tamén en Galicia. A interese pola lingua e culturas autóctonas ten dous referentes distintos: como parte dunha cultura que vén desde a veciña comunidade galega que atravesa o Eo para chegar aos límites lingüísticos; doutra banda, Oviedo como único referente de dinamismo cultural, de modo que a literatura eonaviega ha ser parte da asturiana. Malia a división entre integradoristas e illacionistas, pódese afirmar que é agora cando a literatura galega de Asturias é máis abundante e abrangue diversos xéneros e temáticas, como veremos máis adiante. Áchanse, mes-mo, mostras de literatura infantil.

Fálase de autores de tres épocas ben distintas entre os que escriben dende 1975. Os nados entre os anos 20-30 (Manuel García, Adela Conde,...); os da década 40-50 (Máximo Fernández, Teresa López,...), e os nados dos 60 en adiante (Crisanto Veiguela, Xosé Carlos Álvarez, Xavier Frías, Xosé Miguel Suárez,...). Non posúen características moi marcadas, e probablemente, os mellores son os últimos, todos eles con formación universitaria e coñecedores doutras realidades culturais veciñas.

*[Resumo da Introducción á literatura eonaviega de Xavier Frías Conde]*

#### 4.1. Escolma básica de poesía eonaviega

*Xavier Frías Conde*

No eido poético, o primeiro soneto escrito na comarca eonaviega é de Bernardo Acevedo (Boal 1849- Oviedo 1920), grande estudioso do occidente asturiano. Inxustamente esquecido pola crítica literaria galega, outro magnífico poeta da beira do Eo foi Antolín Santos Mediante Ferraría (Taramundi, 1880- Piantón -A Veiga-, 1944). Os eixos temáticos da súa obra son contos e tradicións orais, cantigas ao estilo popular, cantos ás festas da comarca e a tipos populares (o gaiteiro, o zo-queiro, o albeite), poemas á paisaxe, aos traballos e á vida campesiña, denuncia da situación do labrego e anticaciquismo. Outros son Ramón García González (Castropol 1870-1938) , autor de *El xardín*, que tentou por primeira vez na unha lírica enxebre de carácter modernista, e Conrado Villar Loza (Taramundi 1873-Tapia 1962), tamén dramaturgo.

Durante o franquismo o primeiro autor coñecido é o boalés Benjamín López, coa obra recollida no libríño póstumo *Montañas de la Costa Verde* (1960), canto á terra desde a primeira á última páxina. Poesía máis refinada e moi tradicional escribiu Daniel Vargas Vidal, de Tapia coa obra literaria recollida no libro *Añoranzas y recuerdos de Tapia de Casariego* (1967).

Na época actual podemos salientar a Manuel García, *El Galano* (Tapia, 1925), autor prolífico, tamén de poemas, ancorado no tradicional, que usa o galego lugués. Adela Conde Valledor (*S. Salvador del Valledor*, Allande, 1925), muller autodidacta de sensibilidade poética exquisita, con poesías de forma sinxela pero moita intensidade. Trata temas de intimidade, amor filial e de seño, con verso libre, non habitual en poetas do seu tempo.

Entre os últimos escritores o xénero que acadou máis calidade é a poesía, que case todos os novos autores cultivan. Crisanto Veiguela (*A Veiga do Eo*, 1959) foi o primeiro destes en publicar en galego. Obra del é o poemario *A vida sempre e sobretudo* (2000). Xavier Frías, orixinario de Allande, coordinador co anterior da revista *O espello* é autor de varios

poemarios, os últimos Azul e Terra (2000) e Lar de Lúa (2001). Quique de Roxíos deuse a coñecer con Teño dolo da túa risa (1999). E a última incorporación ao panorama literario eonaviego foi Viqui Veiguela (León, 1979), de poesía fresca e erótica, na liña doutras galegas da súa xeración e co poemario Velaiveñen no Espello.

## 1. Poesía de comezos do século XX

### **BERNARDO ACEVEDO Y HUELVES**

Este é o único poema de Acevedo en galego asturiano, pois o resto da súa produción --extensa de certo-- é en asturiano. Este poema está tomado do libro *0Poemas* (ALLA, 1955; páx. 22) e trátase dun soneto.

#### **La fuente a jovellanos**

Vusté era un gran señor, eu era un probe;  
 Vusté era un sabio; eu era un ignorante;  
 Eu era un ananín, vusté un xigante;  
 Pedra fina vusté, e eu un adobe.

Dios axuntounos!... E se a min me move  
 A Piedá pra ir de Xove asta Lhevante,  
 A traición e a inxusticia, malandante,  
 Tráenlo a vusté dende Lhevante a Xove.

Sirve a España leal, e al soberano  
 E páganlle en traiciois os tramposos:  
 Sírvolo eu a vusté... E chámame irmao

Se lle erguen uha estauta, xenerosos  
 Mañá en Xixón, suprique a sous paisanos  
 Que fagan a pilastra cos meus ósos...!

**CONRADO VILLAR LOZA**

O seguinte poema está tomado de Los nuevos Bablistas de E. García-Rendueles (Xixón, 1925; páxs. 340-341).

**Lonxe de aqui**

Lonxe, lonxe de aquí,  
Onde lle chaman A Habana,  
Teño al meu fillo querido,  
Teño al meu fillo del alma!  
Vinte anos ha que se foi  
Empuxado por a idea  
De xuntar alí unhos cuartos,  
E volver lougo prá aldea.  
Deixou con pena a súa madre,  
Con dolor deixou el pueblo;  
Quira Dios que vexa axina  
Realizados os sous soños!  
Desde el día que marchou,  
Todos os meses me escribe  
E na súa última carta,  
Entre outras cousas me dice:  
Madre querida del alma,  
Sigo con fe traballando,  
E se as cousas non se torcen,  
Tarei axina al sou lado.  
Non desespere, non, madre;  
Non perda, non, a esperanza,  
Que coa constancia que eu teño  
Sempre alguha cousa se alcanza  
Xa sabe que, el que eu busco,  
Anque sufra hoi estrechez,  
É ter algo pra que pase  
Vosté, comigo, a vellez.  
Quero ademais, madre mía  
Gozar dos aires da patria,

E escuitar nel meu terruño  
Os dulces sonos da gaita\_ .

Que Dios te oia, meu fillo,  
E te traia pra esta terra,  
Onde te esperan os brazos  
E os cariños desta vella.

Lonxe, mui lonxe de aquí,  
Onde lle chaman A Habana,  
Teño el meu fillo querido,  
Teño al meu fillo del alma!

**ANTOLÍN SANTOS MEDIANTE FERRARÍA****A veiga de Ribadeo** (fragmento)

Digo e téñome no dito  
unha vez, trinta... millenta,  
xuro co dido na cruz  
se falta xurar ficera,  
e coesto non me condano  
se non que gordas as teña,  
que vila do valemto,  
nombradía e xentileza,  
da Veiga de Ribadeo,  
non se olla así como quera;  
son contadas, así eu medre,  
as que competen con ela!;  
que non?, eu sei o que falo  
e desto naide me apea,  
e se alguén levarme quer  
á contra, pois non sai coela  
que tamén son tatarudo  
e cabezón nas contendas;  
i agora sin máis preámbulos  
a lista toda completa  
dos méritos de tal vila  
lles vou ceibar nunha restra.

## 2. Poesía de meados do século XX

### ADELA CONDE VALLEDOR

Mostras poéticas:

#### Elena

Teño un cariño  
pequeno pequenín e miudín.  
Ela é como uha rosa encontrada  
nun xardín,  
sous ricíos son dourados,  
son como un belo sol,  
sous ollos son  
dúas pérolas resplandecentes  
de amor.

Ela chámase Elena  
e é como un reiseñor.  
Salta, corre, xoguetea,  
pero tende a súa mancia,  
tamén se enfada e patexa.  
É como espuma de mar  
que camiñando con ela  
todo quer alcanzar.

#### Xa é primavera

Xa estamos en primavera,  
loce o sol pola mía ventá,  
que mañá mioqueira,  
que esplendor adulón,  
que luz iluminadora,  
que reflexo gaioleiro,  
que esplendor nos meus ollos..

Nos prados,  
 no parque,  
 é un xermolo de color,  
 pequenas margaritas,  
 rosas brancas,  
 échenme de ilusión,  
 a cubrir o noso pé  
 son alfombra pracenteira.

Que suavidade a dos carreiros,  
 hainos aquí e acoló.  
 Éche a montaña,  
 éche o vale,  
 éche a arbore aínda esfolada,  
 alí che cantan miúdo os gorrois,  
 un canario e seique os xilgueiros.  
 Noite e día,  
 día e noite,  
 acordo cos sous pirlas,  
 acordan o día novo.

## Na beira do mar

Paseando polo muro  
frente ás ondas do mar  
contémplase no sou traxecto  
unha paisaxe sen igual.  
\_Son as ondas as que baten,  
as que queren pasar,  
as desafiantes e escumosas  
de ruxidos imperiosos?  
Si, son cheiros de profundidade.

Auséntome, non quero  
mirar aquela barquía,  
seique o mar a leve  
como levou o mariñeiro  
na súa soedade...  
Quer pisar terra,  
non a alcanzará.

### 3. Poesía actual

#### CRISANTO VEIGUELA MARTÍNS

##### Desembocadura

Remembro aquelas tardes de verao  
camín de Presa, por A Pruida arriba  
a contemplar a ría desde alí  
El Fondón, A Penela  
a carreteira com aquela curva  
segando vidas como herba a gadaña  
dos nosos vecíos...

E ao fondo o mar  
o mar amante  
o mar e a súa maré  
sou pálpito constante  
a reflectir a luz da tarde errante...

Maré alta e grande  
de chalanos e aves  
arrincando da ourela con suavidade  
chuchos de lama e pedra.

Maré amante...  
pola ponte de Porto el Eo desfaise  
salgase o sou sabor  
entra o mar na súa canle  
misturándose as augas  
medra e vaise...

## Chamada

Chegou a primavera  
e acaleceu a terra co gozo  
de sentirse outra vez capaz de prodigarse...  
a vida no sou sen se remexeu  
desacougada e louca  
co latir inquieto da chamada  
a cumprir sou destino fecundante  
porfía ancestral  
e paroxismo breve  
que a todo el que está vivo algúa vez toca.

## Se hai que cantar

Como todas as Terras  
como todas as patrias  
como todas as xentes  
como en todas as casas  
a mía Terra ten cousas  
dignas de ser chufadas  
que as canten os poetas  
se quixeren cantalas,  
elos verán que a historia  
fain coas súas palabras  
con que palabras dicen  
con que palabras falan  
cual música lle poida á canción coa que cantan  
que eu quero que a mía voz  
se exprese nesta fala  
que arrolou o meu berzo  
que me deixou a marca  
de ser pequeno un día cuando o leite se mama;  
a fala máis sentida, a máis nosa, a máis fala

a que aínda se despreza, se ignora, se avasala por nosoutros  
os mesmos que a temos por fala;  
que outros vistan sous versos  
con sotaque de mázcara  
que rimen un tras doutro  
os tópicos de gala  
e deixen outra vez a lingua condenada  
a lírica chorosa e morriñenta laia;  
que canten os que queren as verdes alboradas,  
ao orballo e aos homes  
que labouran e calan,  
á céltica paisaxe e ás ánimas penadas....  
Se hai que cantar  
eu canto a aqueles que non cambian  
de idioma cuando salen pola mañá de casa;  
para elos estos versos  
e para quen estimara  
que ten algún sentido dignificar a fala  
a lingua que transmite, a que grita, a que canta  
a que ri e a que chora  
a que sinte, a que ama....  
a fala que está viva  
aínda estando acalada.

## XAVIER FRÍAS CONDE

Da súa obra poética ofrecemos algúns poemas do seu poemario De Costume Imposible.

### Camín da estación

Durante todo o camín  
de volta á estación  
non falei coa mía sombra.  
Ela, desacougada,  
mirábame e calaba.  
Rincháronme os dentes  
e piseina sen querer.  
- \_Que che pasa? -preguntoume.  
Coas mías maos esbuligadas  
amostreille un arco da vella  
á porta do tren.  
Por elas cruzaba a rapazada.  
- Matáronmelles a mente,  
esmagáronmelles a poesía  
-díxenlle.  
Mía sombra calou,  
abondo xa tía a pobría con ser elas entre as outras.

### Un vello nun banco

Un vello senta nun banco  
a contemplar a nada,  
imaxina cartas de amor sen remite,  
furtivamente cáelle unha lágrima.  
Vénlle un mozo con peito en caverna.  
- Quita, vello, molestas.  
O vello non se move,  
o mozo querlle arrincar a cara,  
a cara do vello é entón unha páxina.

- \_Veste xa agora?  
 -pregunta o vello.  
 Mírase o mozo,  
 \_dor de esencia rota!,  
 é alma de eiruga.  
 O vello levita no banco,  
 xa non se aleda,  
 foi delo tantas veces testemuña...

## **O Estranxeiro**

Entrou un estranxeiro na vila  
 de voz espida e pel incalificábel.  
 Camiñou polas rúas a ollar  
 para a xente,  
 sen a xente ollalo  
 que abondo se vía.  
 Parou ante as paredes  
 de berros amontoados,  
 grotescos, boutizados, agarimados.

Camiñou lougo por entre enxames  
 de donas de partidas de xadrez  
 sobre o triste asfalto,  
 a comeren, condo lles tocaba,  
 peois de carne,  
 pois eran antropófagas.

Uns mozos se duchaban con esprais,  
 algú odiaban a súa pel color ambiente,  
 outros xa esgotaran todos os soños  
 se é que xacondo aprenderon a facelos.

Uns homes facían halucinados  
o amor coas copas de brandi,  
outros cortexaban maquinías  
de luces e diaños,  
todos se acubillaban  
entre o esqueizo dos sous nomes.

Meditou o estranxeiro.  
Bateu co sou caxato no terrén,  
mais o terrén non ecoaba.  
Véronlle pola esquerda e pola dereita  
lexións de maos,  
bocas, orellas, pulmois...  
mais sen formaren corpos.  
- Marcha estranxeiro,  
marcha -berráronlle.  
- Oxalá non séñades  
-dixo o estranxeiro.

De súpeto, as rúas dermas,  
as casas sen lar,  
os bares sen xente...

Marchou o estranxeiro da vila  
recendendo as oliveiras.  
- Mágoa que non se poda- pensou-  
reciclar as mentes baleiras.

## VIQUI VEIGUELA

### Á marxe do nome

Non é doado  
percorrer aínda  
as rúas de Katowice  
nin o teu xogo de pasos  
polos sendeiros do lombo gatún  
dos Cárpatos azuis.  
E eu quero  
Xa estou cansa de esperar os autobuses roibos  
que non te traen dentro  
(é quizais que esqueches onde vivo)  
Xa estou cansa de dar o teu nome ao ar  
e que prefira encadearse nas árbores  
que traerte xunto de min.  
O teu nome é leite e ponte  
e balalalika que só acouga para bicar  
a leda cor branca das mozas eslavas.

### I

Fúcheste de novo  
e deixáchesme entre as pernas unha néboa húmida  
e calcárea.  
E a pel quedou sabendo que era doce  
onde as túas mans a tocaran.  
Entón a carne rebelouse contra a alma  
e deuse aos goces clandestinos do sexo  
no ventre dunha palabra.  
Chameite  
mais estabas tan preto  
que a voz non te viu e pasou de lonxe.  
E marchaches  
e deixáchesme o embigo sabendo a pexego aberto.

**II**

e eu  
que podo ler na auga  
sei  
que chove  
só para que a túa ventá  
soñe

**III**

Cravas na lumieria dos meus beizos  
olladas verdes  
que procuran  
prados salpicados  
das manchas quedas das vacas.  
Mais eu só sei de choivas,  
noites sen lúa  
e estrelas afastadas.

**IV**

Como Whitman  
Eu cántolle  
ao teu corpo  
que se deixa estremecer baixo os meus dedos  
como só un corvo branco  
pode facelo.  
Eu cántolle  
ao teu corpo  
onde comeza o abismo  
e penso pétalos como sexos,  
e vulvas como as follas dun libro,  
e mares salobres onde agroma o desexo  
e roxadas nos teus beizos,  
o orballo,  
o tempo.  
Eu cántolle  
ao teu corpo  
porque podo e quero.

## **QUIQUE DE ROXÍOS**

### **Teño dolo da túa risa**

Marés de cerzo branco  
 cancellas de mortas pedras,  
 berros de tristuras esquecidas  
 silencios de llargas noites.  
 Non entendes os estrondos,  
 non comprendes os estoupidos  
 non che explicaron el condo  
 non che abriron os camíos.  
 Quen empezou esta tollura?  
 a quen lle peta que siga?  
 quen deixou a sou irmao  
 pra lluitar cõa negra noite?  
 Teño dolo da túa risa  
 Que non estoupa fiúnza,  
 Teño dolo da túa risa  
 Cen mil veces mozcada  
 Cen mil veces en choros trocada.

### **Non fain falta palabras**

Non fain falta cuitellos  
 nin regos de sangue calente;  
 non fain falta berros  
 nin odio nas miradas.  
 Brutalidade!  
 denenos que xa non son nenos,  
 de grandes que inda non medraron.  
 Cacarexadas!  
 cuitelladas del cativo,  
 del bouzallón namorado.

Tán as vosas maos  
chêas de rubio sangue  
de regos de inxenuidade  
que baxan polas meixelas  
Non fain falta  
cuitellos  
Non fain falta  
palabras  
Nin odio nas miradas  
Nin regos de rubio sangue.

### **Díxenlle al ameicer**

Díxenlle al ameicer  
que se esquecese  
un día de vir;  
que por unha mañá,  
namais por unha,  
non se deixase chegar.  
Respondeume sen... sen falar  
Contestoume sen ... sen dicir  
Que el non podía,  
quixese ou non,  
vir nin deixar de vir;  
que el non vía, que o trían;  
que el non se ía, que o botaban  
Respondeume,... contestoume...  
que el non podía nin... nin falar  
que el non sabía nin ... nin dicir.

## **Dícesmo a xeitín**

Dícesmo a xeitín  
 acougando el frouxo lume,  
 derretindou cōa túa friaxe  
 el estoupido da noite.

Dícesmo a xeitín,  
 coel vacío dos tous ollos  
 matando a cativa luz  
 dunha noite de liberdade.

Dícesmo a xeitín,  
 enganándome de novo  
 xebrando das nosas maos  
 el que nunca xuntas tocaron

Dícesmo a xeitín

## 4.2. Prosa no Eo-Navia

A chegada do derradeiro grupo xeracional, os autores nacido a partir de 1960, supón unha ruptura inmensa verbo de temas, modos, filosofía e comprensión xeral da literatura galega en Asturias tal como a concibían os autores anteriores. Sen renunciar a unha herdanza, estes autores buscarán novos vieiros para desenvolveren unha literatura moderna e de calidade.

Pola dificultade da edición de libros, as revistas son o medio máis común de expresión literaria. As existentes, agás O Espello, recollen toda caste de artigos. Existe unha paraliteratura que vén da tradición xornalística de comezos de século. Trátase de contos, relatos e anécdotas que se editan en publicacións periódicas locais e mesmo en libros de festas.

A revista de maior antiguidade é A Freita. Entre os habituais cómpre citar a Benigno Fernández Braña, Xan Castañeira, Xosé Máximo Fernández, Susa Argul Muniz, Xosé Antonio Ron Tejedo,... O Espello naceu como suplemento literario desta en 1995. É coordinada por Crisanto Veiguela e Xavier Frías, autores dos seguintes relatos.

## EL LEITE MOURO

Crisanto Veiguelo, publicado na revista O espello

Estaba caendo a tarde e el sol desamecendo pouco a pouco nel fondo de vale. A primavera está avanzada ou pode ser verao, el neno non lo sabe. Aínda é mui novo para pensar en cousas como esa, para preocuparse por el paso del tempo, das estaciois, da vida. El nenín ten agora outras cousas en que pensar desde que hai poucos días se mudaron de casa e pasaron a morar nel limite da vila, alí onde as últimas vivendas se confunden con a paisaxe e se integran harmoniosamente nela. Para el todo son escubertas. Antes vivía nuha casa de varias plantas nel centro da localidade e cuase que non disfrutaba das marabillas que ofrece el campo; solo os paseos por os alrededores á tardía, e nel bon tempo, cuando xa el sol se poñía. Senón todo era tar dentro da casa entreténdose solo ou na compañía da madre; había veces que paseaban tamén por as poucas rúas principais ou se achegaban al parque público, onde el pouco xogaba, temeroso del exterior, dos outros nenos máis espelidos e destros dos que a madre sempre lo alertaba. Mais houbo un día que na casa que lles taban faendo -recorda con emoción cuando el sou padre lo levara a vela xa cuase rematada- se puido habitar, e para aló se foron, ía agora uha semana.

Todo chamaba a súa atención: as árbores e as plantas que medraban non lonxe del novo fogar, os páxaros que pirlaban a todas horas por os alrededores, os cascotes, louxas, tellas e outros restos dos materiales usados para a construción da casa, al igual que algús dos instrumentos utilizados por albaneles e carpinteiros: as palas, as carretillas, el pé de cabra, martelos, paletas, plomada, nivel,... El neno todo lo mira, por todo se interesa, ou de obra, cuando se atreve e lle deixan remexer nalgo, ou na súa imaxinación, barrenando posibilidades, gozos aventureiros en que el é el protagonista imitando aqueles homes fortes e arteiros en faeren cousas de tanta importancia como a casa onde poder morar.

Axina descubriu el neno os sous vecíos. Había poucos e as casas onde vivían taban algo lonxe. Algús eran labradores e tían gado, sobre todo vacas, mais tamén alguhas ovellas e mesmo un caballo. Uha daquelas casas de labranza levaba a apastar este gado a un prado cercano á casa del neno; sete vacas -alguha vez oito-, e tres ovellas, son as habituales visitadoras da pradaría, pequena, fisicamente de dimensión galega. Cuando el rapacín

repara nelas xa sabe que el leite que toma por as mañás lo dan as vacas, eso lle tein dito muitas veces, mais nin imaxina de que maneira elo se produz.

Entre el mínimo rebaño hai dúas de color castaña, a uha chaman “Marela”, a outra “Asturiana”; a outra é toda ela branca e chaman-la “Paloma”; outra é moura, cuase negra, e por eso la deben chamar “Moura”; el resto son vacas pintas, brancas e negras, a uha chaman asi mesmo: “Pinta”, outra recibe el nome de “Condesa” e da terceira nunca el neno soubo como la chaman, se lo preguntou esqueiceulo. Al neno a “Paloma” parécelle ben bonita, coel sou beizo rosadío e a mancha color café nel papo; pero a súa preferida é a “Moura”, pode que por a súa expresión paciente ou por a color, que lo intriga de abondo. Por alguha estraña razón el neno deu en imaxinar que el leite da “Moura” ha ser escuro, como a color da pel de quen lo dá.

Ten el pequeno a irmá algo maior que el, compañeira de xogos e penden-  
cias a quen confesou a súa idea; riu a nena e foilo contar aos demáis da  
familia. Riran tamén os padres con a ocorrencia e trataran-lo de fato, falan-  
do un pouco por falar ou, el que é el mesmo, por non taren calados.

Despois aquilo pareceu esqueicer a todos. Mais houbo a tarde que veron  
os vecíos donos del gado, que taban lindando as vacas naquel sou prado, e  
aló se foron todos os da familia saludalos. Nesta ocasión veran non solo os  
que moraban nel caseirío todo el ano, que el neno xa conocía de cuando  
traían el leite; tamén taba ali a parte da familia que tía emigrado para a  
cidade del centro de Astúrias; entre elos hai dous mozos, un delos chámase  
Pedro, el outro -como non- Xosé. En que se chegaron alí, al neno dábanlle  
medo as vacas, sobre todo as pintas, que parecían ter mal xenio; os adultos  
rin dos sous temores e falan delas, de cual dá máis leite, donde veu cada  
cual, das que esperan xatín, da que ta na corte porque pariu... Percebe el  
neno a importancia destes animales. Entretanto, el mozo máis novo, Xosé,  
parece desfrutar da visita, que lle permite lucir as súas habilidades nel  
manexo dos animales; mira con superioridade a aquel nenín da vila, que a  
él se lle antolla criado entre algodois e vai tornar uha das vacas que se foi  
al meiz da leira cercana, comproba a corda que enrata outra, apalpa os cor-  
nos duha terceira, cospe nas maos e xoga con a aguillada... El outro, Pedro,  
é máis vello e tal vez por eso non precisa chulearse tanto; tamén traballa  
segando el herba da parte del prado que ta alta e la van curtando de cada

vez que vein; lougo dun pedacín descansa e repousa as maos nel mango da gadaña entanto conversa sobre a vida que levan en Xixón.

- Dámosche uha pra que la leves prá casa, neno. A ver, cual che gusta máis?, -pregunta a matriarca del clan campesín al pequeno.

- Esa -diz el, sen dubidalo un instante, e sinala “Moura”.

Non se sabe mui ben quen trouxo a conto el que el neno pensaba del leite das vacas escuras como aquela. Aos labradores failles gracia e tentan explicarlle que aquilo non pode ser así. El mocín máis novo ri con ganas e bota olladas de definitiva superioridade sobre el pequeno, quen, desconcertado, séntese levado a manter a súa fantasía, aumentando a brincadeira xeral.

Entón Pedro, quizá compadecido, ou simplemente máis comprensivo del alma infantil, vai xunto al rapacín:

- Mira, neno, presta boa atención -dizlle-, e achégase á “Moura”.

El mozo verga el corpo para agarrar os tetos da vaca, que pacientemente lle deixa faer; espérameos destro cos sous dedos e sale un chorro de leite branco del teto escuro, e outro, e outro máis...

- Convénceste? -diz al pequeno.

Mais este xa se convenceu, agora solo lle importa esta sensación feliz de que hai alguén grande e formoso como el ve este Pedro, que sequer durante uns momentos se ocupou del, que talvez fexo un amigo.

## NA COMPAÑA DOS LOBOS

Xavier Frías

Eran mui duros aqueles días de xaneiro. Daquela os labregos sabían muito ben o que era nevar e sabían que condo a neve cubría o terrén, o único que se podía fer era esperar que baxase un pouco, non de todo, que era mui raro, e lougo poder salir para atender o gado.

Xosemaría sabía muito ben que antes de caer a noite nevaría. Sabía tamén que ás seis xa non se vería nada, mais el insistía diante da muller:

- Escuita, se non vou a Fonteta hoi e deixo amañado o mester, despois poden pasar unha chea de días e non poderemos mover un dido porque estaremos incomunicados, ¿non sabes?

Ela entendía perfectamente a impaciencia do sou home, mais non quería que, por mui importante que fose o asunto, o sou home arriscase a vida á volta para a súa aldea dende a vecía de Fonteta. Tían oito fillos e a casa non se podería levar sen o pai.

- Non vaias, non vaias -pedía ela inda a sabendas de que como o tivese decidido, o home dela marcharía.

- Vou, que estas cousas non se poden deixar para despois -retrucou el nun ton suave mais mui decidido.

Ela calou. Marchou da corrada, onde tían aquela conversa, e subiu as escaleiras de louxa para se dirixir á cocía. Sabía que Xosemaría viría mui tarde e que probablemente non cataría bocado ata que chegase á casa de noite. Por eso fritiu uns torrezos e meteunos en dúas rabanadas de pan mouro, pan de centén, para que o levase no fardel e comese se tía gana.

Xa non se falou máis do tema. Nada máis ela despediu o sou home cun "cuídate" dito entre susurros e ollando para o ceo que ameazaba con se poer inda máis gris e anoxado que xa estaba; os primeiros faloupos caerían en colqueira momento.

Xosemaría foi camín adiante cara Fonteta. A ida foille boa porque o tempo augantou. Axina atopou o cabreiro con quen habería amañar os sous asuntos e despois de zarrar o trato cun par de vasos de viño acedo da terra, saliu de Fonteta e dispúxose a fer os tres quilómetros e medio que separan aquela aldea de San Salvador, a súa.

Sabía que en deixando Fonteta estaba solo dafeito. Ninguén o podería axudar se lle xurdía algunha complicación, e para piorar as cousas, xa a tardi-

quía estaba caendo e os primeiros faloupos pousaban na cara de Xosemaría.

El sabía que á volta habería correr aquel risco, e aquel risco era xa unha realidade. Reconeceu para si mesmo que tía medo e recordouse dos lobos, aqueles seres case máxicos aos que ata entón conseguira tornar do sou pensamento, mais cuxa sombra xa vía enhalando por riba do sou medo. Antes de perder de vista a última luz que delataba a presenza de Fonteta unhas ducias de metros tras del, Xosemaría quitou a navalla. Era a súa xarrapa, aquel bon aliado das xentes desta terra que os sacaba de máis dun apuro.

O home non tía intención de lutar contra os lobos con ela no caso de se presentar a ocasión, senón que se achegou a un salgueiro cuxa silueta a penas se podía distinguir xa a aquela hora.

Coa axuda da xarrapa curtou unha cana, unha non mui grosa mais que tía abondas xotas. Aquel era o único medio que el conecía para fuxir dos lobos se é que se presentaban, e presentaríanse, estaba mui certo.

Non se equivocou. Apenas se alonxara trescentos metros de Fonteta, Xosemaría sentiu o ruído que facían unhas patas poderosas e avezadas á marcha por riba e por baxo do camín, abríndose paso entre as xestas e os toxos.

Estaban alí. Os lobos, fieis á súa cita, estaban alí. Ulírano dende a distancia, sabendo que era un home solo, doada presa para aqueles máis-que-cais famentos e afeitos a se gañaren a comida día tras día co esforzo das súas patas, dos sous queiros e da súa tenacidade.

O home non tía máis que a cana. Non sabía quen, e ata eso era o de menos daquela, mais daquén lle dixera que se hai algunha posibilidade de salir vivo condo se vai por un camín de noite, na compañía dos lobos, é arrastrando unha cana chea de xotas miudías polo chao, fendo o máis ruído posible.

El non entendía a mecánica daquel procedemento, mais non tía outra posibilidade de escapar. Descartado estaba correr -amostraría inda máis medo-, e menos inda defenderse coa navalla, porque enantes acabaría el con dous queiros no pescozo.

El solín se metera na boca do lobo e nunca mellor dito.

Nada máis andou, andou e andou arrastrando a cana por tras del, mantendo o paso e rezando para que a nevada se mantivese tan lixeiría como ata

daquela, que lle xeaba a cara mais non cuallaba sobre o terrén. Se a neve acabase de cubrir o solo, a cana non sería máis que un lastre e non feiría máis que se entorpecer a marcha.

Mais por sorte para el, a neve caía mui mole.

Para colmo non se vía nada. Xosemaría seguía o camín case ás apalpadeiras, inda que sería mui difícil que salise del polas moitas veces que fora a Fonteta e volvera ao longo da súa vida.

Cada vez estaba máis cerca de San Salvador, mais cada vez tía máis medo. Notaba perfectamente o acompañamento dos lobos, case que podía isentir o sou alento, e escuitaba perfectamente o xirir canso das bestas, invisibles mais presentes.

O sou corazón latía fortísimo. El rougaba que non o ouguisen dende fóra os lobos porque sería o sinal de atacáreno.

O camín non remataba, San Salvador non chegaba endexamais.

Xosemaría sentiu a morte cerca. Sentiulo sobre todo polos fillos e a muller, aos que deixaría nunha situación ruía abondo... e aqueles monstros das beiras do camín alleos ás súas inqedanzas, solo coa mente (-terían mente?) fixa no home que iba un pouco por diante delos.

Moveu a cana esbuligándoa a dereita e esquerda da que andaba para que fixese máis ruído. Sei que non fose nada, mais sei que deixaría aos lobos sorprendidos durante uns segundos.

De momento a cana estaba a servir para que os lobos non se lle tirasen enriba.

Seguiu a camiñar sen variar o sou ritmo, pois a présa máis leve xa sería motivo de que os lobos saltasen para el.

Ás veces sentía un pao que rompía condo un daqueles pés poderosos pisaba nel e cedía baixo a súa presión.

Mais o peor veu condo empezou a sentir -a ver non con aquela escuridade- que algún lobo se metera polo mesmo camín e abríalle paso.

Tamén percibiu que o resto da manada se lle achegaba polas ourelas, os toxos e as xestas soaban máis cercaos tamén.

E inda non había ningún rastro de San Salvador.

Xosemaría non variou o sou ritmo no andar. Solamente agarrou con máis forza a cana de salgueiro e tentou penetrar a escuridade cos sous ollos, tentando ver máis aló da realidade. Mesmo abriu un pouco o pescozo da camisa para que o frío da noite aliviasse a suor que o cubría.

Entón soou.

Soou un oulido estremeecedor, unha chamada brava que hoi é case imposible de ouguir. Era o lobo máis vello, o que mandaba na manada, a oulear dende algún penedo. Algo anunciaría, mais o home non sabía o que.

Xosemaría quitou os ollos do escuro e fixounos na lucecía fráxil que relumbaba diante del. Era San Salvador, á fin.

Xavier Frías Conde

Mais inda non estaba fora de perigo. Se agora deixaba de arrastrar a cana e aceleraba o paso, sería o sou final. Había manter o ritmo pesie a todo.

Os trescentos ou catrocentos metros que houbo percorrer ata chegar á luz foron eternos. Os lobos, xa algo inquedaos, iban estreitando o sou cerco, mais sen se deixar ver.

Finalmente, a lucecía que penduraba da porta da cantina foi dalgún xeito un espantalobos. O chigre era a primeira casa da aldea, e ao sou pé salía a calella pola que se chegaba á casa de Xosemaría, uns poucos metros por baixo.

Na rúa non había unha alma, e ata parecía, agás pola luz do chigre, que a aldea estaba baleira, mesmo abandonada.

Xosemaría, inda coa cana na mao, foi paso a paso ata a súa casa. Antes de chegar á porta xa tía a chave na mao. Meteuna -era enorme, toda de ferro- e abriu a porta que rinchou como se a tirasen dun sono.

Do interior saliu un feixe de luz que alumou a calella por uns segundos.

Xosemaría, antes de a pechar, mirou para fóra protexéndose coa porta e dende unha regandixa.

E daquela si que os viu. Viu a tres delos, tres belas bestas de ollos de inferno e pelella cálida que miraban para a porta fixamente, como se quixesen dar as boas noites ao home que acompañaran ata entón.

A visión non durou máis de tres ou catro segundos, pois os animais, guiados por algunha forza desconecida, viráronse e foron tragados pola escuridade mentres o home apertaba a dous de sous fillos que o foran recibir, falando solamente con lágrimas.

LITERATURA  
EN  
VALVERDEIRO,  
MAÑEGO  
E LAGARTEIRO

Os textos literarios que vos presentamos teñen o valor de representar e dignificar unha lingua falada en poboacións moi reducidas e illadas do mundo. Teñen o inmenso mérito de contar o seu mundo ao seu xeito e cos seus xiros. Aquí tedes pequenas mostras de literatura en valverdeiro, mañego e lagarteiro.

O mañego Domingo Frades é autor do volume ‘Vamus a falal’, editado no ano 2000 pola Junta de Estremadura, e de onde recollemos o relato Os Uficius e o poema Páxarius. A obra detalla aspectos gramaticais e fonéticos sobre o galego por aquelas terras e inclúe un conxunto de textos que ao tempo que serven de material de apoio para o ensino nas escolas da zona achegan un amplo abano de datos sobre historia, costumes e anécdotas populares.

Lagarteiro é Severino López Fernández, o responsable do volume ‘Palabras y ditos lagarteirus’, prologado polo propio Frades baixo o título “Un libru de palabras con ‘vida’”, e que nos presenta a cultura do lugar cunha escolla de palabras, frases e ditos. Ademais da exhaustiva compilación de expresións valverdeiras, López, mestre de profesión, inclúe unha selección de contos populares tirados da tradición e a porpia experiencia. Desta obra recollemos un par de relatos, Hai que afilal a navalla e ¡Ya seyu a puta bruixa!

A terceira variante lingüística é o valverdeiro. Os textos que reproducimos pertencen ao libro ‘Seis sainetes valverdeiros’, de Isabel López Lajas, editada por Henrique Costas para Edicións Positivas. López Lajas (1884-1967), nacida en Valverde do Fresno, onde viviu toda a súa vida, amaba a fala local do seu pobo e atristada pola paulatina castelanización do valverdeiro, escribiu numerosos sainetes que seren representados por un grupo de teatro que ela mesma creou.

Unha das súas preocupacións, e que tamén veremos na escolma que aquí reproducimos, foi a falta de instrución da muller campesiña, problema que combateu coa creación da Escola Dominical. Os sainetes teñen intención moralizante, apoiándose nunha ideoloxía profundamente católica. Ademais, presentan un cadro típicamente diglósico castelán versus valverdeiro que aos galegos nos resulta familiar.

# SAINETES VALVERDEIROS

DE ISABEL LÓPEZ LAJAS (VALVERDEIRO)

LÓPEZ LAJAS, Isabel. Seis sainetes valverdeiros, ed. de Henrique Costas, Edicións Positivas, 1998.

## DIÁLOGO DE DOS COMADRES

*CLARA, anciana y JUANA más joven (La escena es en una calle del pueblo).*

Clara.- Cro que vanin a sacal unha cumedia cúa nosa fala, cumadri. Será pa rilse un ratu á nosa custa.

Juana.- Non veis que comu temos esta fala galega, quedarán guasiase.

C.- U otro día u zagal d´u carabineiru d´a nosas porta me diju, ná máis que por rilse de mi: “Tía Clara, ¿están las vuestras netas en casa?” E logu que vi qu´era por ficel bulra, pa que supera qu´ei tamén falu castejanu, le diji: “*Qu´e estejen que no estejen, a ti ná se te empuerta*”. Pois encima se riu.

J.- É que vós non u cortais ben. ¿Cuantus anos tendis ia tía Clara?

C.- Nen sé se son catru durus, se catru i mediu. Ei debí nacel cuandu viñu Prim.

J.- ¿Non veis? Agó ia n´u nosu lugal se fala máis finu, se visti máis finu e se bebi café. Ei ás miñas zagalas ia l´he comprau panzuelu de cintillas e chambra de menudillu e zapatus e medidas colol de carni.

C.- Ei non queru trampas. U día que me morra non han de pagal trampa diñunha miña. U otro día me icían n´a tenda: “*Tia Clara, cómprale usted un panzuelo d´estos majos a las zagalas*”. Ei le diji: “*Mientras non haiga dinero de sobra en casa, no le compro majos. Que se gobiernen con lo de súa madre, qu´en pa descanse*” .

J.- É qu´us homis son uns tunantis, se non as ven compostas non le sai noviu, e asina ben vistías poi sel que le saia un noviu ricu.

C.- Juana, ei queru qu´as miñas netas sean xabón, non queru estropallus na casa.

J.- Non idis por bo camiño, Tía Clara. Ha que colocalas de cualquel maneira; s'ajorra d'otru lau. Nós pol as miñáns bebemos unha taza de café e asina estamos en ayunas jasta mediudía.

C.- Pois nós almorzamus un bo pratau d'allupatatas. U otru día pasó pola porta u siñol médicu e me diju: "*Clara, las vuestras netas no están nemias*". Ei me pareci que quisu dicel que estaban regustas.

J.- Isu volu diría por guasiase, comu están por cevilizal. As miñas zagalas vos bailan un frostrós e un chalrestón que dá alegría velas. Pois ¿i a pequena? Vos canta "La Peque" que aquilu é un primol oivila. U nosu viciño se pon tontiño cuandu a oivi: Ai que tripe, ai que tripe de Madrí.

C.- ¡Ui Juana! Esa palabra pareci que non é coisa boa, non me gusta ná.

J.- É que vós non entendeis d'estas coisas modernas; us vosus tempus ia pasaran.

C.- É que ná d'isu está n'a dotrina cristiana. Ondi esté unha jota ben cantá e bailá, que pasi un caru por mediu, que non se poñan ná d'esis frostrós nen d'esis chalrestoños, nen d'esis tripis nin tripas. Dende que se baila tantu agarrau, se ve polu lugar tantu montón, tantu montón d'estercu. Ei ia esté c'unha pata aquí e otra n'a sipoltura, pero a que viva algúns aniños máis ten que vel muta coisa, muta coisa.

J.- Calai vos lá, muller, sempri ha habú coisas.

C.- Sempri, pero comu agó, nen a soñal que m'hubera jeitau cuandu era moza.

J.- Ha que tomal us tempus conformi venin.

C.- Pois ei non quere tumalus nin as miñas netas tampocu, non mos vaian a servil de venenu.

J.- U día de carnaval quere qu'as zagalas se vistan de señuritas. U anu

pasau toa a noiti estiveran bailandu c'us señuritus.

C.- Pois mira que tes lá aquela grandi, cuaquel corpachón de banastra que estará ben sen panezuelu.

J.- Ia me vo, que se me fai tardi. Vo a ficel unhas miguiñas de gatu pa cuandu veñan elis.

C.- A barriga non ten cristal.

J.- (*Aparte*) Ai que tía canta claru.

C.- Pois ei vo a frixil un poicu de lombu.-Ai que madris, ai que madris ha agó, son a perdición das fillas con tantu maju, cun tantu noviu, cun tantu bailu.

J.- Me vo, porque cun vós non se poi tratat. (*Va saliendo*).

C.- Mal me quieren mis comadres, porque le canto las claridades. (*Ya sola en escena*) . Conchu, comu se olvidó iceli a esta u cantal que desprendí u otro día, qué ben le queia a esta caporala: "*A las madres de hoy en día / si yo mandara, le diera / sarna, sarampión e tiña / e un año con desipela / e los pies llenos de callos/ abañones en la oreja / la lengua llena de glanos / e un fuelte dolol de muelas / ataratas en los ojos / e los nelvios sen la cuelda/ E esto le durara siempre / jasta que al fin comprendieran / que solo son las curpabres / de que sus hijas se pieldan.*

Telón

\*\*\*

## LA ESCUELA DOMINICAL

LEOCADIA, su hija ALFONSA y la madrina de ésta, PRUDENCIA.  
(La escena es una habitación de casa humilde donde se encuentran madre e hija. Hay un cuadro de Sta Teresa).

### CUADRO 1º

A.- Que vos he ditu que non voi a esa escuela e non voi.

L.- Pero ¿por qué, filla, por que non has de dil?

A.- Porque non. Alí andal entri curas i biatas e sempri camiño d´a igresia.

L.- Pero qué filla esta, qué filla esta.

A.- Idi vós, se tantu vos gusta. E logu non se poi a genti divirtil nin dil au bailu.

L.- Tu jasta u ano que vén non pois dil au bailu, qu´agó inda es pequena e logu que non estamos pa gastus; asina pois dil esti aniño á ´scuela e deprendis a puñel u tei nomi e algu de dotrina. Mira que, se non, u señor cura non te casa.

A.- Ai que non me casa...

L.- P´au anu que vén vendemus us dois cochininus e te compru u panzuelu de cen coloris e as argolas.

A.- Si, comu esti anu cuandu cubrí un diñeiru d´acituna, que me dijestis que me comprábais u fíu, e inda está pa lá.

L.- Pois, comu vaias esti anu á ´scuela te compru to isu.

A.- Güenu, güenu, dejaimi ca d´escuela. (*Entra Prudencia*).

P. - Cumadri, cumadri...

L.- ¿Quin é?

P.- So ei (*entra*) . De vos dé bos días.

L.- Toba, porque non quereis: tantu ha d´alí a aquí comu d´aquí a alí. E logo he tíu a el cu atrancazu dois o tres días e a pequena cu sarampelo. ¿Que andais ficendu?

L.- Ná, aquí estaba icénduli a esta que cómu non vai a esa escuela dominical, pa que deprenda ondi ten a man dereita.

P.- Claru, isu dibía ficel.

A.- Si, p´aprendel a dil a misa.

L.- Si, filla, vas esti aniño e poi sel que te toqui unhas argolas o algún panezuelo. Cumadri, cro que rifan argolas e panezuelus e mutas coisas.

P.- Isu é u de menus, cumadri, u casu é que vola domeñin lá, que boa falta le fai, e qu´u día que se casi naidi teña que icel ná d´ela.

L.- Ei solu queru que vaia esti anu. É muta sujeción non podel as zagalas dil au bailu, cumadri.

P.- E as madris tamén acompañalas...

L.- Us ollus sempri son mininus.

P. Boa coisa pintareis vós lá.

L.- Ná, ná, ei solu queru que vos sepa lel unha carta e deprendel a falal en castejanu e agó há que deprendelu: Tendis que dil en ca d´u médicu o á botica o en ca d´u cura, e paeci mal falal comu cá. Comu a zagala ha ´stau tantu tempu n´u campu.

A.- Güenu, güenu, ei me vo, adiós madriña. (*Se marcha*) .

P.- Si, bo vilortu está feita, boa saguarza. Mire, esta semana me vo pá vega a sachal patatas e m'á levu pa lá, que deprenda a ficel algu, qu'á tendis mui dejá, cumadri. Ia vereis comu a metu en cintura e vola convezu pa que vaia a escuela. Vós non sabeis insinala, muellel.

L.- Non veis que comu estuvi esti envernu c'ú rumatismu, que non me podía mixel, ficía bulra de mi.

P.- Porque dá con vós. Lástima de verdasca que le queira.

L.- Non, s'ela é boa, cumadri, s'ela é boa. Non ten máis que le gustan us majus, sólu c'ú sentíu du bailu, e qu'é algu golosa e me contesta mal, e é algu fulgazona; polu demais, se non fora qu'é mui marrana, que non vos sabi laval un trapu, non teñu quexa d'ela.

P.- (*Aparte*) De tais padris, tais fillus. Güenu, cumadri, qu'á tardi mos vamus á vega; que s'aprepari pa toa a semana. Me vo.

L.- ¿Ondi idis ia, cumadri?

P.- Si, me vo. Que ten alí a Llonalda un ladrón d'un cuchinu que... polu que ve, polu que vos zampa. D'unha ducia d'ovus que eití, ia non me quedan máis que tres polus; volus apaña nun airi. Adiel le comeu un polu ia grandi a Sebia, que le eitó máis raius au cuchinu qu'us da roa d'unha carreta.

L.- Ei esti anu, con tan poica soidi comu he tíu, non he criau un polu nen teñu galiñas. Me pariu a cuchina seis cuchininus e ia non me que dan máis que dois; e esis us queru pa comprali á zagala as argolas e o panezuelu.

P.- Si, e logu trampa alanti. Me paeci a mi que vai a chegal día que non idis a encontral quen vos fíi unha fanega de trigo.

L.- Qué le vamus a ficel, nós tamén hemus síu mozas.

Telón

**CUADRO 2º**

*(Leocadia está trajinando en casa y llega Prudencia)*

P.- *(Desde fuera)* Cumadri, eh cumadri.

L.- Subí, Prudencia.

P.- ¿Viñu ia a zagala?

L.- Non, cumadri. Agó está n´a escuela dominical, que está ensaiandu uns versus pa jeitali a Sta. Teresa, qu´é a maiordoma d´a escuela. Si viris, cumadri, en mediu anu que fai que vai lá, non pareci a mesma. Ia non é tan respondona e é limpa comu a china d´u rú; agó me fai mudalmi a camisa tos us dumingus. Mireili, m´ha feito currucu.

P.- ¿Veis que ben estais asina?

L.- I m´ha feito dil a misa ia cincu o seis dumingus, e quer que me confesi esti anu. Si viris comu corta u castejanu... está deprendendu uns vesus que, cuando volus di, paeci que está n´un teatru.

P.- ¿Non vos icía ei que tiñis que domeñala e que ná millor que levala a esa escuela por isu, porque vós sois unha pamema?

L.- Ia non s´acorda d´us majus, non ten máis qu´u postu, camisiñas é que ten dúas. En xabón é que me gasta algu.

P.- Asina estais vós de limpa agó. Us probis, estandu limpus estamos ben, non necesitamos majus.

L.- U otro día le diji por oivila: Eh, filla ¿ques que le diga á túa madriña que le diga au sei zagal que se faga tei noviu?

P.- Vaia unha gramática parda que gastais, cumadri. U mei fillu non necesita novia, qu´é mui novu agó.

L.- Non penseis qu'á miña zagala vai descalza u d'fa que se casi, que, cuan-  
du ei me morra, le queda un rinconciñu de casa ondi arrecollelsei e u quin-  
tal d'as Chupenas. E ei volu icía de groma, cumadri.

P.- Non me gustan esas gromas.

L.- Pois ¿sabis que diju ela? -Ei non queru noviu jasta que non me vaia a  
casal i solu por tres o cuatro mesis- ¿E si non u encontras apois, filla? -Si u  
encontru, "*que la cuba de güen vino no necesita bandera*". Ai cumadri,  
me quedí espantá.

P.- Porque ten máis cuñecimentu que vós. Mira agó, andali ia con novius á  
zagala. (*Entra Alfonsa*).

A.- (*Desde fuera*) Ai María.

L.- Sen pecau concebía.

A.- Bos días vos dé Dios.

P.- Ven con Dios, filla. ¿De ondi vés?

A.- D'á escuela, tía Prudencia. ¿Comu vos vai?

P.- Vaia, sempri comu agó. Qué ¿te gusta dil á 'suela?

A.- Comu que ia non pensu quitalmi hasta que non me vaia a casal. E isu  
que miña madri non quería que fora máis que un anu porque di que le  
gastu mutu xabón e que non vo a encontral con que casalmi.

P.- Velaí, velaí por que non chovi.

L.- Vamus, vamos, cálati e leli á madriña us versus que vas a jeitali a Santa  
Teresa... mira pá Santiña, filla... mira pá Santiña...

Telón

## UNA SIRVIENTA Y SU AMIGA

*EUSEBIA, sirvienta y su amiga QUITERIA.*

*(La escena es una habitación de casa acomodada, donde se encuentra Eusebia y llega su amiga).*

Eusebia.- *(Deletreando en un libro)* . La M y la A, TA; la P y la Y, SI...

Quiteria.- *(Desde la puerta)* Sebia... eh, Sebia...

E.- Sssss..., fala máis baju, que está eita a ama.

Q.- ¿Qué fais cuesti libru n´a man?

E.- Me está insinandu a lel.

Q.- Vamus au bailu.

E.- Jasta que non s´alevanti non me podu menial d´aquí.

Q.- Que vida, cumel e durmil comu us cochinus.

E.- Non falis tan altu, mullel, por non oivila...

Q.- ¿Inda te reñi cuando vas au bailu?

E.- Inda e por cualquel coisa.

Q.- Ei non aguantaba.

E.- U otro día, porque me soí us mocus c´us deus, cuando estaba ficendu de cumel, me estuvo reñendu unha camá de ratu.

Q.- *Qu´asiada es mi suegra*

E.- Otro día, porque agarrí unha barreña d´u vasal pa pendalmi, tamén me estuvu reñendu mutu tempu.

Q.- Vaia, vaia cua tía. Vaiti a servil ondi non te reñan tantu e te dejin sél i entral.

E.- Pois mira, ei le teñu lei á miña ama.

Q.- Boa gana tuveras.

E.- Tamén se ri cuimigu algunhas vecis: u otro día se rompeu a redoma d'ú viñu, qu'a tiró u gato d'ancima d'a mesa, e ei, pa que supera que non había siu ei, le diji: "*El gato ha rompido la boteja de vino*". Estuvu rínduse mediu día. Tamén se le perdeu a correa d'ú hábitu e ei la encontrí embaju d'unha silla e fui correndu: "*Ya pareció la correna*" e se pusu a ril e estuvo toa a tardi dobrá de tantu rilse.

Q.- Cuas pachuchás túas, ¿quen non s'ha de ril?

E.- Estó aguantandu mutu, pero non me fallu n'otra casa.

Q.- Ben se guasean de ti.

E.- A otra noiti estaba tocandu e falandu a raiu, cuando me fui a jeital, e estiveran jasta as doci lumenus oivíndua; ei non me podía dormil, jasta que diji altu: "*Cudiao con la rayu que te parta, que no me deja pegal ojo*". U señol se pusu feito un basiliscu: "*¡Que mochacha, qué mochacha tan sarvaje!*" .

Q.- Anda, que s'aguantin elis. Ponti a servil n'otra casa. D'aquí a ná te sai noviu e te casas o te juntas e non aguantas máis amus.

E.- Non, ei non queru isu; cuando teña tempu me casaré como se casó miña madri e comu se casó miña agüela. Si te ouvira miña ama... Cada ve que falan de juntamentu a levan us demoñus e leva razón. D'aquí a ná non se vai a casal diñunha moza comu Dios manda. Ei agó teñu bo pratu e boa cama e gañu pa vistilmi e diñún borrachu me dolma as custelas. Ia chegará u tempu e me casaré comu di a lei de Dios; to u demais é fozal n'ú ló.

Q.- Madri, qué fina te vas ficendu pa falal; te insinará a túa ama a gramática parda.

E.- Non m'insina. Pero ei ia vo dependendu mutas coizas; sé idel canestri-llo, haija, rumático e hasta aus frenjóns brancus le chamu judías. Claru qu'é porque asina le gusta a ela, qu'á min non m'ha feito ná mau.

Q.- Vaia unha señora inglesa. Comu dera cuimigu, ei le insinaría a puñel nomis a naidi. Estás n'unha incrisición. Con tal que te dé algunha ve algu e que non te fechi ná pa que podas sixel, pa ajuda dus gastus...

E.- Isu si que non; ei non le quitu ná a naidi. S'ela me quel, a outra noiti foi ela mesma a puñelmi un centupés na cama.

Q.- Anda, e ben que te quel, sería pa que te picara.

E.- Non muller, se foi pa que non pasara frú; é unha culchina pequena con lan por dentru que se chama asina. De to me pasa, ratus bos e ratus maus. U otro día estuvu cá súa ermana a vela e a levó au fugal pa que me vira; le icía: *"Te voy a enseñal la duméstica que tengo, e quiero que la oigas habral; hábrale argo a mi helmana"*. Ei estaba picandu as litugas e le diji: *"Le gustan a osté los cogojos enteros o picaos"*. Ei pensí que se tiraban n'ú solu a revolcalse de risa. Depois que le pasó aquela risa le diji: *"¿Le echo la sal a la cocina?"* E veña outra escagallá de risa. *"Chica, chica, eres un poltento, te voy a lleval a Madrí pol lo fina qu'eres"*.

Q.- Ah, desgraciá, estás ficendu de mona e non u sabis.

E.- Tamén m'ensina a cosel; ia sé ital pezas d'as cuatro esquinas, comu le chama ela aus rumendus que non son de charpa.

Q.- Isu se deja pa genti rica. ¿Comu se chama istu?

E.- Isu se chama u bombu.

Q.- Peru non é como us d'us titarateirus. ¿Por ondi se toca?

E.- Ei non u he vistu nunca tocal. Sempri anda u siñol p'arriba e p'abaju cuel.

Q.- Bo calamal está feito tei amu.

E.- Cati lá, mullel, mia que tes unhas coisas.

Q.- ¿Pa que tenin estas almofás postas n'ú solu?

E.- Esas non son almofás.

Q.- ¿É que non? E ben bradintas qu'están.

E.- Que non son almofás, muller, a isu le chaman cujinis.

Q.- ¿Cujinis?... Us señoritus to u icin au ruvés.

E.- U otro día me falou miña ama de ti: *"Tu amiga qué inorante está jecha, güena farta le hace deplendel el catacilmu"*.

Q.- A ela si le fia falta, a tía calandaria. A mi u que me fai falta son durus n'a faldiqueira; ela que se meta n'as súas vidas.

E.- Mullel, s'é porque te quel.

Q.- Me vo, porque está aquí toa a tardi oivindu tontás e perdendu de bailal, porque cuando s'alavanti ela, pa que non te vaias tan prontu, te dirá: *"halme el chicolate"*, e jasta miñán a estas horas.

E.- Fai u que queiras, pero sen u sei premisu non me movu d'aquí.

Q.- Oi qué pulítica vas itandu, comu non dejin d'insinalti vas a chegal a biata.

E.- Quen sabi, comu esté mutu tempu n'esta casa poi sel que si, poi sel que miña ama me domeñi.

Q.- Non quereu contas / cu'as que son biatas / qu'en to u da igreſia / metin a pata. / Ei quereu mang'ancha / cumel i bebel / que mutu tempu teñu / pa ben morrel.

E.- Pois ei quereu tel honra / e vivil temerosa / porque solu se morri / unha ve sola / e aunque aquí pasi / mutus traballus / que Dios me dé pacencia / pa ben levalus / e me sirvan de chavi / pa u ceu gañalu.

Telón

# UN CONTO E UN POEMA

DE DOMINGO FRADES (MAÑ EGO)

## Os oficios

As técnicas, as ciencias ‘adelantan’, cumu idía a Zarzuela, i han desaparecíu grandis maestrus de oficios i hasta ferramentas i usus, que enterran consigu palabras i sólu se salvan, algun-as, en musseus vivus i vivíus. ¿Qué pequenu ve hoxii os fuellis da fragua de tíu J.?

Ben tempranu era cuandu tiu J. barruntó andal en sua porta, cumu con nervius, a un-a mullirita da Serra. Se asomó, i comprobó que esperaba que abriera i preguntó a causa. Quiría agudal a rella do arau pa que o homi, cuantu antis poera labral “i asina gañal o xornalitu pa us filliñus”. A gran bondai i profesionaliai do ferreiro o fidu baxial, encendel i preparal. Antis de que os fuellis empezaran, tíu J. Le didi: “bueno, ¿dóndi tes a rella? A mairugaora mullel eita man da cesta i... “!Vaia por Dios, tiu J., lo agora que m’a quidí ‘na mallá!

Otrus eran un-os manitas arreglandu máquinas de cosel, relojis i otrus aparatus, entre otrus gafis do arti. Cuandu algún clientu preguntaba o preciu, feito ia o traballu, surgía algun-a protesta, cumu a de aquela que dixiu: “Maire, tres durus por soplali”, “o arti está en sabel dóndi hai que soplal”, le constestó o maestru “¿qué filosofía!”

Sastris i zapateirus deran tamén excelentis Maestrus i sabían gasta bromas, entre puntá i puntá. Fendu metel os pes en o barreñón de as solas, cumu ritual pa tomal midías dos pes, o algun-a cusquilla a os pequenus cumu pa probal as mangas.

Mandal con un caxión cheu de chatarra i ben cerrau de un sitiú a otro, en dia dos Inocentis i, postus de acordu, devolveo as costas idendu que tiu X. se ha confundíu, dili que essi nun é o encargu, era corrienti.

Dil a por cachus de costanas, pa fel espás i simulacrus de lutas, en sei tempu, i acabal con a paciencia de carpinteirus, idíndunus: “¿Fora ia d’aquí, firmei a pá de un-a vé!”, o disfrutal dandu voltas a o ventilaol d’as fraguas, mentras aguantaban nossa cunvivencia, a tos gustaba. Aquilu de “día de agua, taberna o fragua” era norma de conducta. Se inchían, se charreaba do divinu i humanu, se “cortaban trajis”; se cunvivía.

Coñocel a os cesteirus, siguindu sei ritual de fornu, limpal vergas, cipilllau, repulgu. Ver hojalateirus fendu tinaxias, cántarus, candís, linter-nas. Albardeirus fendu albardas, sairós, preparandu bálagus. Dulceiras veña a batil pa biscochus, madalenas, arrepelaus, brazus gitanus.

Uficius i apredizaxiis que han dequaidu o desapareciu totalmenti. Desde a cuna i o andaol hasta o féretru; desde o pucheiru a a tinaxia pa agua, viñus, adeitis; desde os zapatus i botas hasta pelexius o zajós; desde as rellas que entran en reidis a as vletas o canalós; desde os calcitís i jersés de la lan fiá hasta os millol acabaus trajis de boa; de as peiras dos dinteis a as chimeneas o adobis dos albañis; toa un-a restri de historias i recordus, que puían siguil por campu, ganaus... Se acaban artistas i artesanías, mate-riais i ferramentas. Morri un vellu o vella i se vai toa un-a historia, un libro vivu. ¡Con elis, cuántas palabras desaparecin! Pero nossa Fala viva, cumu toas linguas, van criandu o adaptando otras. Agora temos teléfono, mister i corner, cosechaora, pacas de jenu.

## Páxiarus

¿Qué si diba a nús...?

Pues, claro que sí.

Normal, creu que he síu,  
me pareci a mí.

Hasta, algun-a vé  
fidemus “nuvillus”

y ben lonxii fomus  
pâ vel algún náu.

Y hasta creu que é bô,

si é ben orientau

tel nociôs de nús

y tamén de páxarius.

Coñocel sua vía,

Sei comportamentu,

é algu que axiuxaría

a cualquier labriegu.

Hay páxiarus útiles

Que, con os lagartus,

As rãs y lumbridis,

-y tamén bastardus-

están traballandu

sin custal iñeuru,

paos homis d’ o campu;

sirvindu de obreirus.

Asina, a Anduriña,

Aviôs y mochuelus,

a mutu mau insectu,

van cazandu a vuelu

Tamén as lechuzas,  
Enganapastoris,  
Picanzus y Cucus  
y hasta os Ruiseñoris;

Y o Gayu o Abubilla,  
Xilgueiru, Curruca,  
Avifría y Garcilla,  
comin mutas plagas  
que a tós perjudican.

Hay otrus que, a vedis,  
fain mais mal que ben  
Y por tantu d' elis  
tamén bô é sabel.

O Tordu Y a Mérrua,  
a Pega, o Piinchón,  
a Chova y a Alpendura,  
picotean en tó.

Y os Corvus y Grallus,  
con as Cutuvías,  
se levan simentis  
antis de nacías.

Y os Pardais se levan  
tamén boa partía  
' no tempu d'a sega  
¡Cuántu buscavías!

O que sepa, explíquimi:  
¿Qué nos fain as Aguilas,  
y esas Garrapiñas,  
y essis Cerrumíquilis ....?

-Cazal paxiaritus,  
y as Râs y os Lagartus.

Issu está ben ditu.  
nos están matandu  
a esis ubriritus  
que, sin cobral nâ,  
están traballandu,  
¡Ciuiteitus, pubritus!

Pero, tendi en conta  
que a Naturaleda  
é sabia, nun tonta.  
Hay que comprendela.

Aprendei de nús  
y d' a vía d'os páxiarus.  
En esti sintú,  
tratu de animalvus.  
Hay un equilibriu  
Que hemus de buscal,  
nunca destruindu.  
A ciencia é creal.

# CONTOS

DE SEVERINO LÓPEZ (LAGARTEIRO)

## Hai que afilal a navalla

Miña güela, que esté en Groria, me contaba ya fai mutu tempu que un anu, pur as festas de San Bras, a us homis y dagáis que currían de do pul cantal:

“Hay que afilala,  
hay que afilala;  
hay que afilal a navalla...”

Y así se tironin to tres días que duró a festa, desde u día da Candelaria hasta u último día de San Bras. Tos montáus nas caballirías, bebendu viñu nas tabelnas y sin paral de cantal un día y oitru:

“Hay que afilala,  
hay que afilala;  
hay que afilal a navalla...”

Aquilo ya empezaba a dal empuna. In istu que estaba miña güela na calli in un d’aquelis momentus en que pasaba alí un tropel de caballirías. Y us homis que as montaban, sempris cun u mismu sonsoneti:

“Hay que afilala,  
hay que afilala;  
hay que afilal a navalla...”

Había alí tamén xugandu un dagaliñu que era fillu dunha vidiña y que apenas falaba pulque era muy nuviñu. A miña güela, un tanto cansá ya de aquela cantinela, le do pur idel:

-¡Coño, pus ya nun quedará nu lugal niñunha navalla sin afilal”

U mininu que uivíu aquilu, y dá a corta edái que tiña, nun captó u sintíu que miña güela le daba á expresión y exclamó cin candorosa ingenuidái:

-¡Pus inda nun hemu non afiláu a nosa!

## ¡Ya seyu a puta bruixa!

U que vus vo a contal le pasó a un tío mei ya fai mutus anus. Pur aquel entoncis inda estaban de moda as bruixas, u mal d'ollu y se itaba man de cunjurus pa libral si d'algún torzón molestu, mandándulu pu ollu d'algún sujetu que le tuveras hincha. Si ú cabu dun par de días siguías cun a vista cerrá, se aplicaba oitru remediú que cunsistía en arrimali ú torzón unha chavi fría de aquelas grandonas que había antis. Se idía que esti último remediú era cumu quitál a agua de un tolneiru pa oitru. Pero volvamus a agarral u fíu du caushu que vamus a contal.

Meu tío chegó aquel día de viaishi. Había pasau mutas fatigas recorrendo to Rebollal pa puel vendel a calguiña de adeiti. Estransíu, entre a ma alimentación y u cansanciu, se foi a cama.

Nun había pasáu meya hora cuandu, presa de unha pesadilla, a mei tío le empezó a fartal a respiración y, cumu amanotiáu, breguiaba pul movel siquera un deu y puel tocal cun él a miña tía que, itá na mesma cama ú lau del, dulmía placenteiramenti sin intiralsi dus agobius que estaba pasandu u sei homi. Pero pul mutus esforzus que feya, y aunque estaba espertu, nun cunsiugía movel nin u deu piriquiñu.

Así estuvu durante dois u tres minutus que a él se le fideran sigrus. U caushu é que, despóis de tantus esforzus, logró sascuils aquel peshu y, sentándusi nu bordi da cama, murmuró entre dentis:

-¡Naidi é namáis que aquela tía bruixa de cha...! (aquí u nomi da malévola mullel, que silenciámos pur obvius mutivus). ¡Cumu a entali amañán camiñu du Llanu Millu..., nun va a tel ganas de uivilmi!

Pero nun foi esta a única ve que a mei tío le pasó istu aquela noiti: ca ve que se tindía de novu na cama, acuia a él aquel supliciu que reforzaba nel a idea de tel que aishustali as contas á caushanti de estis malis.

Istu pasaba abaisu na sala, pero arriba nu fogu estaba u churiceiru, y se coñoci que algún gatu había lográu subils y colgalsi d'unha roa de murcelas que, cumu estaban inda frescas, acuian a peshu. U gatu tampocu dibía estal escasu dau que era na época das matanzas. Fora cumu fosi, u caushu é que a corda que sujetaba a roa das murcelas nun do máis de sí y se rompéu, dandu cun as custelas du gatu nu solu que, entre u chaspadu que pegó y asustáu pur u ruiú du golpi, seyu pur u buracu da porta cumu un fushu.

Mei tío que uivíu aquel estruendu, cumu movíu pur un resorti pegó un brincu y sartó da cama alborotáu gritandu: ¡Ya seyu a puta bruixa!



**VIEIROS**

*Galicia en rede*

vieiros@vieiros.com

Rúa Galeras, 13  
1º andar, ofic. 1  
Tlf.: 981 555 011  
Fax: 981 554 296  
15705 **Santiago**